Silvia Alonso Fernandez (1 de 2)
Secretaria
Fecha Firma: 08/05/2019
HASH: 2a87f630cc48bba63a7449ba5de1bde7

Xosé Carlos Valcarcel Doval (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 08/05/2019
HASH: 154962dec3c1e759a904557b50ca69a5

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2019.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)
D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)
D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)
D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)
D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)
D. Mª CONSUELO VISPO SEARA (PP)
D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)
D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)
D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)
D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)
Dª MIRIAM PRIETO VALDES (PP)
D.ª SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)
D.ª SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)
D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

Dª SILVIA ALONSO

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:00 horas do día 4 de FEBREIRO de 2019 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Empezamos. Boas tardes a todos e a todas. Benvidos a este pleno ordinario do mes de febreiro. Benvidos e benvidas tamén, ás persoas que están entre o público.

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 5 E 19 DE NOVEMBRO**

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é a aprobación das actas das sesións anteriores, que son as do 5 e 19 de novembro. Alguén ten algo que modificar, engadir, suprimir a estas actas. Por favor Manuel.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todas e a todos. Simplemente na do 5 de novembro, na acta, na páxina que ven numerada 10 e 11, entendemos que a 110 – 111, na solicitude de comparecencia que presentaba o grupo do Partido Popular, dunha concelleira, no que son as decisións, nas votacións, ponse que non foi incluída na orde do día por rexeitamento e sen embargo, nas votacións fala de a favor o PP e o resto dos grupos, PSdeG PSOE, BNG, Democracia Orensana e Grupo Mixto é abstención. O cal non pode ser. Solicitamos a revisión. Si, na acta do 5 de novembro, no pleno ordinario, páxina 110-111. Nunha solicitude de comparecencia que realizaba o Partido Popular, comparecencia dunha concelleira, no resultado final das votacións, a proposta foi rexeitada, a súa inclusión na orde do día, e fálase de que o Partido Popular votou a favor e o resto dos grupos, abstivéronse. O cal, entendemos que sexa un erro. Solicitamos a súa revisión e modificación, posteriormente. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ningunha cuestión máis?. Non? Ninguén máis ten nada que engadir ou modificar? Repite Manuel. Si. Polo tanto con estas consideracións votamos as actas. Primeiro a acta do 5 de novembro. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Agora corresponde a votación á acta do 19 de novembro. Votos a favor? Tamén unanimidade. Unanimidade polo tanto, tamén.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a acta do 5 de novembro de 2018, coa seguinte rectificación: "Solicitude de comparecencia: Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor de PP, as abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo mixto o seguinte acordo: **"Inclusión na orde do día do acordo de comparecencia dun Concelleiro"**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a acta do 19 de novembro de 2018

1. **MODIFICACIÓN DO RUEIRO**

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é un expediente, o expediente 4154 de 2018 de modificación do rueiro. Ten a palabra a señora concelleira, Victoria Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Boas tardes a todas e a todos. Ben, coma xa explicou na comisión informativa, esta é unha cuestión case de mero trámite. Figura unha petición dunha propietaria dunha vivenda na rúa Reverencia, na que se especifica que era un paso de servidume. Ben. Facendo un pouco de historia, na anterior lexislatura tamén se retirou a placa desta rúa porque existían dúbidas sobre a titularidade pública ou o paso de servidume deste viario. Finalmente o aparellador municipal fixo un informe que xa figura na documentación que se trae a este pleno no que di que non se deduce a titularidade pública do viario pero si se podería deducir a existencia dunha servidume de carácter múltiple. Con todos estes datos e visto que o viario non é público, procédese á renumeración da estrada, deste viario, e entón continúa coa numeración estrada Moreiras a Toén. Entón, cámbianse varios números e renumérase todo porque xa anteriormente había outro viario moi preto deste que tamén lle pasara algo parecido, entón esa rúa, esa zona toda tense que renumerar no rueiro. Entón ten que vir, é un trámite que ten que vir a sesión plenaria porque isto afecta tamén, pois á documentación e á titularidade das persoas que residen nestes lugares, con referencia ao distrito, á sección, ao censo electoral, ao padrón de habitantes e a todo. Vese implicado todo. Non sei se teñen algunha dúbida. O tema é unha cuestión de mero trámite.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten algunha consideración que facer? Grupo de Democracia Orensana?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si, boas tardes a todos, ao público en especial e aos compañeiros. Non me queda moi claro, Victoria, se xa houbo no pasado problemas con esta rúa, que non se deu demostrado se era unha vía pública ou unha servidume de paso, por que volveu, por que se volveu a poñerlle un nome? Non entendo un pouco como chegamos a isto cando xa na antiga lexislatura, pois houbo uns puntos así. E se é unha rúa con servidume de paso, cantas persoas están vivindo aí? Porque se hai que cambiar numeracións...é que non entendo, quero que o expliques un pouco mellor. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Voceiro ou voceira do Partido Popular, se ten algunha cuestión que dicir.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos. Ao público asistente, aos compañeiros. Partido Popular non ten nada que obxectar e está de acordo neste punto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora concelleira, novamente.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Ben, a cuestión é que esta persoa, non lembro agora mesmo, creo que se atopa entre o público pero non me lembro agora mesmo se xa presentou un escrito anteriormente, se xa iniciou un trámite. O caso é que actualmente, este goberno pois deulle saída a este trámite que volveu presentar esta persoa e que se repaso aquí as datas, 26 de agosto de 2018, pois volveu presentar outro escrito insistindo. O anterior goberno, o que fixo non completou o trámite administrativo, polo que teño entendido tampouco o sei a ciencia certa porque son cuestións administrativas, entón ao non completar o trámite, simplemente retirou as placas do nome da rúa, pero iso non é suficiente porque hai que cambialo no padrón. Entón agora o que se fai é un trámite formal. Pídese o informe técnico pertinente que emitiu o aparellador municipal e entón esa rúa, segundo o informe figura que é un vial de servidume, por iso as persoas teñen que ter unha dirección. Entón suprímese o nome da rúa como tal porque non é unha rúa pública, pero renumérase a calle. Ou sexa, renuméranse as vivendas. Non sei se lle quedou agora un pouco máis claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Se non hai ningunha outra intervención procedemos á votación. Votos a favor? Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Modificación do rueiro: 1- Anulación do nome da rúa Reverencia (A). 2- Da nova denominación da rúa que pasará a ser: Estrada Moreiras-Toén (De) e proceder a súa renumeración, que de seguideo se especifica:**

ENTIDADE COLECTIVA: VALENZÁ (A) (SAN BERNABÉ)

ENTIDADE SINGULAR: LAMAS (AS)

NUCLEO/DISEMINADO: LAMAS (AS)

DISTRITO: 01

SECCIÓN: 005

VÍA ACTUAL:	**VIA ANTERIOR:**
ESTDA. MOREIRAS-TOEN (DE)	**RÚA REVERENCIA (A)**

RENUMERACIÓN:

PARES: Do 2 ó 28, correspondendo anteriormente a numeración as vías que a continuación se detalla:

2, 4, (Da actual vía: estda. Moreiras-Toén (De))

Anterior: 2,3, (Da rúa Reverencia (A))

6,8,10,12, e do 14 ó 28 (Da actual vía: Estda. Moreiras-Toén (De)

Anteriormente 2, 4 (Da antiga Estda. Moreiras-Toén (De))

Nota. O actual núm. 24, da Estda. Moreiras-Toén (De)), correspondía anteriormente ó núm. 2 (antes da aprobación da anulación da vía: Cmño. Sorga (De)).

IMPARES: Do 1 ó 13. 3- Dar traslado do presente acordo ós interesados e o Instituto Nacional de Estatística"

2. **MEMORIA DE CONTRATACIÓN**

O Sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é unha memoria de contratación na que se inclúen tres puntos, senón lembro mal. Hai unha contratación que fai referencia a un traballador ou traballadora de servizos sociais que se deriva dunha subvención que foi concedida pola Xunta de Galicia a finais do ano 2018, e a subvención xa foi recibida. Ascende a 18.000 euros. Con isto teríamos tres traballadores ou traballadoras sociais. E temos que dar curso á contratación deste persoal canto antes

para poder acollernos, ou para poder recibir a maior parte, a maior cantidade posible desta subvención. Como isto xa se falou en pleno, o importe derivado da subvención do ano pasado vai a remanente, pero insisto en que se produce o feito de que, vai a remanente porque senón lembro mal, foi concedida o 28 de decembro de 2018. É dicir que, dicir claramente que esta petición dunha terceira traballadora ou traballador social, xa foi feita noutras ocasións e por fin, nesta ocasión, foi concedida. E tamén se produce a solicitude, pola nosa parte consideramos que é necesaria, a contratación dun auxiliar, ou dunha auxiliar de servizos sociais. Na memoria que se lles achega...de servizos xerais, perdón. Na memoria que se lles achega xa está detallado cales son as razóns. En primeiro lugar é porque hai unha maior carga, ou unha subdivisión a nivel político de concellerías, co cal hai máis actividade nas diversas concellerías. Aparte diso, a nova Lei de Contratos, obriga a que haxa unha persoa practicamente encargada de xestionar a plataforma que se deriva do funcionamento da aplicación desa Lei de Contratos. O obxectivo, agora mesmo é, que a praza que xurdiría de auxiliar no que é en secretaría, fora cuberta por unha persoa que xa estea no concello traballando, e cubrir ou proceder ao que é realizar o procedemento de contratación para cubrir a praza desa persoa que se incorpore en secretaría. Tamén ocorre o mesmo, practicamente o mesmo, no que fai referencia a un auxiliar de intervención. As causas son practicamente as mesmas. A carga de traballo, a plataforma de contratacións, o volume de facturas que tamén hai agora mesmo no concello, que é moi superior ao que había no seu momento. E neste caso, si que a persoa que se contratase polo procedemento selectivo que hai ao efecto, iría directamente a cubrir esa praza de auxiliar de intervención. Non sei se o señor concelleiro de servizos sociais quere engadir algo en relación á contratación do traballador ou traballadora social. Nada máis. Señor Ramón?.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, boas tardes ás persoas aquí presentes. En primeiro lugar, para ser breve, non entendemos porque veñen estas contratacións todas nun mesmo punto, cando cremos que se debería haber posto en puntos distintos da orde do día, para ser votadas de maneira diferente. Por iso nós vamos a, aínda que estando a favor da contratación do traballador ou traballadora social, pola subvención que nos concede a Xunta, non así estamos de acordo coas outras contratacións porque responden a unha mala xestión por parte do goberno, e unha mala

previsión e a outros factores que non son claramente ditos ou expostos sobre a mesa. Entón cremos que non deberían vir igual no mesmo punto, por iso imos votar en contra. Xa digo, porque é responsabilidade do goberno a xestión no tema administrativo, tanto en administración como en intervención, a carga de traballo ou a organización das concellerías que fixo este goberno, pois é a súa responsabilidade que ese traballo que, a maiores que hai nesas áreas pois ao mellor non pode ser que sexa responsabilidade da oposición. Polo tanto, cremos que non debería vir no mesmo punto, entón pois teremos que votar en contra, aínda estando a favor da contratación do traballador ou traballadora social. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a voceira ou voceiro de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicirvos que tamén, igual que o compañeiro Ramón, tamén me gustaría que viñeran punto por punto. Non meter todo no mesmo saco. O que pode pasar é que nalgunhas cousas esteamos de acordo e noutras non. A ver, nas tres persoas que se queren contratar, nós pensamos que aquí no concello hai departamentos que están por falta de persoal. Hai moito traballo. Temos practicamente o mesmo persoal dende hai anos e a carga laboral, aquí neste concello, aumentou. Entón, hai departamentos, como pode ser secretaría, que están desbordados de traballo, senón simplemente fálase con algúns funcionarios e, ou vense aquí e vese o traballo que hai. Entón, nós pensamos que contratar persoas cando fan falta, non é malgastar o diñeiro, é investir nos cidadáns. Entón si que estamos de acordo porque realmente cónstame, cónstame. Independentemente de que sexa competencia ou non competencia do goberno, aquí ven a unha sesión plenaria, por tanto o noso labor é informarnos se realmente fan falta esas persoas e non... simplemente vir aquí unha mañá e ver algúns departamentos como están, están por falta de persoal. Porque cando falta persoal o traballo non sae, moitas veces, en tempo e forma. E se o traballo non sae en tempo e forma, despois xa non vamos a tirarnos dos pelos nin á arrepentirnos. Se fan falta persoas, contrátanse, porque oe, hai moita xente no paro desexando traballar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, moitas grazas de novo. A ver, nós imos

seguir a mesma liña que os dous compañeiros da oposición. Estamos totalmente de acordo coa primeira contratación, coa da traballadora social, pero non así co auxiliar de servizos xerais para secretaría, nin o auxiliar administrativo para a área económica. O por que? Moitas veces este grupo do Partido Popular de Barbadás, defendeu que o problema deste concello, en distintas áreas, é unha mala optimización do traballo e dos recursos. Compre, o dixemos centos de veces, unha restruturación para sacar o atasco que teñen estas dúas áreas concretas, a de secretaría e a de intervención. Entón, solicitamos, neste mesmo momento que a votación destes tres postos de traballo se faga individual, para poder votar cada un deles por separado. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Respondéndolle ao señor Ramón. Primeira cuestión. Vostede fala de que está a favor da contratación da persoa, o traballador ou traballadora para servizos sociais. Alégrame que sexa así. Pero en relación aos outros dous puntos, eu pregúntolle, unha pregunta retórica evidentemente, eh!. Cando se ten unha empresa, porque ao fin e ao cabo esta é unha empresa en certa medida haina que analizar como tal cando se contrata persoal, vostede primeiro analizará como é a evolución. Non contrata a persoal porque si. Non, creo que hai, non. Primeiro analizarei as necesidades que hai e posteriormente decidirei se é conveniente ou non é conveniente contratar persoal. Neste caso, despois dun certo tempo de analizar a situación, si que se decide contratar a persoal. Ademais escoitando ás persoas responsables de cada área, é cando se decide. Que probablemente se houbera tido que facer antes? Pois probablemente, pero evidentemente as contratacións custan diñeiro, é diñeiro público e hai que ser responsables no seu gasto e na súa xestión. Creo que este é o momento máis apropiado para que así sexa, para que así se faga ese gasto, ou ese investimento, como lle queiramos chamar, porque ao final como di Fina, tamén é un investimento na cidadanía o que as cousas saian ben e se desenvolvan con celeridade, ou con máis celeridade. Señor Ramón, está na súa quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non contestou se isto se ía votar todo xunto ou se se podía votar por separado? Como preguntaron dende a bancada de enfronte. Se isto fora unha empresa, pois mire, a súa responsabilidade é que cando chega a dirección desta empresa, e ver e facer un análise de todos os traballadores que ten de todas as áreas que ten, e mirar se están optimizadas para dar os servizos básicos

que ten, que hai que darlle á cidadanía, antes de contratar outros servizos e outros traballadores para outros servizos que non necesitamos. Entón, esa é a súa responsabilidade. Eu non estou negando que faga falta unha persoa ou dúas, ou tres para administración. É lóxico porque o traballo que hai de papeleo, deus me libre. Pero este é o sistema que se montou neste país, entón é o que hai. Claro que somos conscientes que se necesita unha persoa en intervención, por todos os problemas que houbo aquí neste concello e nese servizo sobre todo. Pero vostedes, son os responsables de xestionar este concello, dende hai máis de tres anos. Vostedes tiñan a responsabilidade de ver se todos os departamentos deste concello estaban optimizados para dar o servizo ao cidadán que lle corresponde ao cidadán. Entón, que se deron conta agora? Pois son uns malos xestores. E se vostede leva unha empresa desa maneira, deus me libre, porque se vostede fai tornillos e faltan traballadores na liña de produción e en vez de saír un millón de tornillos saen oitocentos mil, eh!, e colle e contrata a un chofer para que o leve dende aquí alá, pois xa me dirá vostede. Entende? Pero nada, aquí gastamos en contratar a un administrativo de turismo. Gastamos en contratar a outra serie de..., que está moi ben, pero amigo, se este concello ten uns servizos básicos que ten que dar ao cidadán que paga os impostos. A ver cando se meten dunha vez na cabeza iso. E non inventarse servizos que ogallá que os puidéramos dar, ogallá, pero que non son competencia só nosa. Nós non somos unha illa. Eh! E así estamos, así anda o país. Queremos facer cousas que non nos competen. Sen dar, sen dar o servizo para o que estamos aquí sentados. E senón vaiamos a outros sitios, se queremos dar ou que se dean eses servizos, se dean a todos os concellos, ou se dea máis financiamento aos concellos para dalos e todo iso. Entón, non me fale de empresa porque xa digo, somos conscientes de que se necesita ese persoal pero

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra: A responsabilidade é súa, é como o da piscina, quérenos facer partícipes aos demais da súa mala xestión neste caso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Hai varias formas de facer política. Desde Democracia Orensana, a nosa forma de facer política é sumar e non restar. Non vou

entrar en polémicas como o señor Ramón, de contratación de turismo, porque aquí non estamos falando diso. Estamos falando en concreto, se fai falta nestes departamentos persoal. Entón, nós consideramos que fai falta. Non vimos aquí para recriminar nada. Simplemente vimos aquí para apoiar algo que xa se tiña que haber feito hai tempo porque destes departamentos hai tempo que hai escaseza de persoal. Temos que aprender que a política non son guerras, nin vendetas, é apoiar. E se vostede señor Padrón está dicindo que recoñece que fan falta persoas e vai votar en contra porque fala de turismo... sinceramente, é que non o podo entender. Porque aquí vostede pide puntos separados. Moi ven, eu tamén pido puntos separados, pero aquí fálase das persoas que se necesitan para cada departamento. E claro que vamos apoiar isto porque si se necesita porque eu si vin falar aquí no concello, pero non vin agora, esta semana, porque eu teño vido aquí e falar con algúns funcionarios cando me coincide, e pregunto, e vexo a carga de traballo que teñen. E os funcionarios están para servir ao pobo. Se hai escaseza de persoal, non van funcionar as cousas ben. E despois xa pasan prazos, pasan datas, hai problemas e despois xa pídense responsabilidades. Entón, cando aquí neste concello pase calquera cousa desas, a quen lle botamos a culpa? A oposición que non aprobou unha boa medida para os cidadáns? Sexamos consecuentes todos co que se necesita, e despois xa si queremos pelexarnos cos compañeiros aínda que non sexan do noso partido, pelexemos, pero non nos pelexemos por cousas importantes porque a xente necesítase, o concello creceu. As necesidades creceron, e vostede e todos os compañeiros que aquí estades, sabemos o atasco que hai nalgúns sitios. Entón sexamos intelixentes, sexamos unidos e se fai falta persoal métese persoal, e deixémonos xa de tonterías. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): si, ben, dende logo dende o grupo do Partido Popular insistimos nesa solicitude que trasladaba antes de votar as tres contratacións individualmente. Se o regulamento o permite. Se o regulamento é certo que non permite a contratación por separado porque vai no mesmo punto, o que deberiamos facer é para outras ocasións que se traian diferentes propostas de contratación, como xa fixemos varias veces, que se traian por separado, porque estamos a afectar a un posto de traballo

que todos sabemos que é necesario, que é o de traballador social, que ademais hai unha subvención, non imos perder os cartos, e por culpa de dúas contratacións que entendemos que agora mesmo non son adecuadas, eh, e que non se axustan á realidade deste concello, pois vamos a prexudicar probablemente, non sei como terminará a votación, pero probablemente se puidera prexudicar a contratación principal neste caso que é a de traballadora social. Dicimos que non imos ser partícipes destas dúas contratacións, da de auxiliar de servizos xerais e a do auxiliar para a área económica por dous motivos, o primeiro é que temos actualmente agochada o RPT da cal non sabemos nada, e na que se gastaron unha serie de cartos, cartos de todos os veciños. E segundo, segunda conclusión de o porqué non estamos de acordo con estas dúas contratacións, pois porque como xa dixen antes, o que se trata é de optimizar, restruturar a nivel de recursos humanos e de persoal este concello. Nós non imos ser partícipes, insisto nesta palabra, partícipes, de gastar os cartos do peto de todos os veciños. E para rematar, dinos agora de unha contratación que escasamente hai un ano que se fixo, dun auxiliar para servizos xerais que estivo realizando, facendo tarefas para varias áreas, agora nola queren colar en secretaría. Está dicindo que unha persoa que actualmente está prestando estes servizos contratada, vai pasar a facer as tarefas de secretaría, e contratar independentemente a un traballador para, como auxiliar de servizos xerais. Se non é así, explíqueme entón de onde vai saír esa persoa, que traballos ou que tarefas está realizando agora mesmo, e de que área provería. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A vostede. Vamos a ver. Igual me expliquei mal ou me entendeu mal. Unha persoa da casa é a que vai participar nos traballos de secretaría. Será escollida pola señora secretaria. Que xa está nesta casa traballando. A que considere máis apropiada. Non alguén que se contratara o ano pasado, nin moito menos. Alguén que está xa na casa e que ela será quen considere a persoa máis acaecida para desempeñar os traballos de colaborar en secretaría. Non vai a vir ninguén que xa estea contratado provisionalmente ou que tivera un contrato ata finais de ano, ou tirar dalgunha bolsa. Non. Alguén que está na casa, actualmente, xa de forma fixa. A persoa que a señora secretaria considere máis apropiada en base aos seus coñecementos, ao desenvolvemento das súas capacidades para estar nese posto de traballo. De acordo? Entón, para cubrir ese posto, será, cando se inicie o procedemento de contratación

dunha persoa para servizos xerais. Para servizos xerais. Dicirlle ao señor Ramón, que todos os servizos que se crearon neste concello, teñen un único obxectivo, un único obxectivo, pór en valor o noso concello. Situalo sobre o mapa desta provincia. Nesta provincia o noso concello estaba coñecido ou era coñecido por un concello dormitorio, por un concello no que a xente simplemente viña a pernoitar. Non, nós queremos poñer en valor o noso concello prestando máis servizos. Servizos que lle corresponden ademais, e que demandan os veciños e veciñas de Barbadás. Somos 11.000 veciños e veciñas. Non somos un concello de 1.000 habitantes que despois delega todas as súas competencias, ou as competencias non, todas as súas necesidades, as súas demandas, as demandas dos seus veciños na Deputación, na Xunta de Galicia, no goberno central. Nós somos responsables do que fixemos, creo que o fixemos ben. Reivindico plenamente todos os servizos novos que se crearon, precisamente porque é un concello que ten 11.000 veciños que residen aquí, que probablemente serán, probablemente 13000 veciños e veciñas. A cidadanía demanda un concello moderno, próximo. Non ter que ir a Ourense ou a outro lugar para que lle resolvan as súas cuestións coma pode ser un problema de violencia de xénero, por exemplo. Por exemplo. Non estamos por esa labor. Pódense mellorar as cousas, pódense facer mellor, pero dende logo que son servizos que este concello e a cidadanía, reclama e demanda. Non son, aquí non creamos postos de traballo a nivel administrativo. Neste caso son de índole administrativa pero outros postos de traballo que se crearon, como dicía antes, son de atención á veciñanza. Servizo de axuda no fogar, asistencia social, CIM, iso é atención á cidadanía. Non son postos de traballo administrativos. Son servizos. Servizos que demanda a cidadanía. E respondéndolle ao señor Manuel, dicir que a votación se vai levar en conxunto porque ademais o punto así o comprende. Para outra ocasión, probablemente, teñamos en consideración a proposta de votalo un a un. Está no seu terceiro punto de palabra. Ai, non, son dous, son dous. Rematou. Votos a favor desta aprobación, da aprobación da memoria de contratación, dunha traballadora ou traballador social, dun traballador ou traballadora neste caso auxiliar administrativo para servizos xerais e un traballador ou traballadora, tamén, auxiliar administrativo para os servizos de intervención. Votos a favor? Abstencións? En contra? Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de

PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana as abstencións de PP e os votos en contra do Grupo Mixto o seguinte acordo: **"Memoria de contratación, dunha traballadora ou traballador social, dun traballador ou traballadora neste caso auxiliar administrativo para servizos xerais e un traballador ou traballadora, tamén, auxiliar administrativo para os servizos de intervención"**

3. **MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Expediente 386/2019 que é moción do BNG en defensa da sanidade pública. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes, compañeiras e compañeiros de corporación e a todo o público asistente. Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado dende o ano 2009 e que están poñendo en risco a saúde e a vida de moitas persoas. A política sanitaria de Feijóo, ao fronte da Xunta de Galicia ao longo destes anos, está poñendo contra as cordas a sanidade pública, e ten un fin moi claro, converter a saúde nun negocio para grupos afíns. Todos os camiños da política sanitaria do Partido Popular tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos anos, o Partido Popular impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivación de doentes a centros privados. A atención primaria foi ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade padeceu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019, destínanse 188 millóns de euros menos dos que había no ano 2009. Un recorte acumulado nestes anos, dende o ano 2009, de máis de 2.188 millóns de euros. As consecuencias son tremendas. Masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, de días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite, etcétera. Hai

unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes, en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do partido popular e que non estamos en fase de grupos de traballo nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións. Estamos nun momento crítico onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar. Por isto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta os seguintes acordos. O primeiro punto, nos centramos no Concello de Barbadás, nas súas necesidades e observamos que o centro de saúde de A Carballeira, está adscrito ao centro, perdón, o centro de saúde de A Valenzá, está adscrito ao centro de saúde de A Carballeira. Polo tanto o que solicitamos, que deixe de estar adscrito a ese centro e que sexa en si mesmo un centro de saúde, por poboación, por dotacións, por agora, infraestruturas, merecémolo. Cubrir a sexta praza de enfermería. Temos os médicos de familia pero só cinco prazas de enfermería cubertas. Solicitamos a cobertura desa sexta praza de enfermería. Cubrir tamén as prazas para as que está dotado o edificio, como son as de hixienista dental ou a de odontólogo, que non temos aínda no noso concello. Ademais de todo isto, solicitamos á Xunta de Galicia as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifique unha política sanitaria que está destruíndo a sanidade pública dos galegos e das galegas e pondo en risco o dereito á saúde. Un aumento do orzamento destinado á sanidade, que se deixe de privatizar, que se deixe de derivar fondos públicos cara os centros sanitarios privados e que se invista na sanidade pública. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal. Convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías, contratos estables, dignos, substitucións dos profesionais, aumento das prazas de formación de especialistas e MIR. Eliminación das listas de espera. Non contriquiñuelas, non con enganos, non con falsidades, non con manipulacións de operacións. Contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o SERGAS, camas, quirófanos, e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibles, susceptibles de ser usados nos centros públicos. Plan de mellora de atención primaria. Incremento do investimento ata chegar ao 20% de orzamento no inmediato incremento de 200 millóns de euros. Recuperación das xerencias de atención

privada

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Son cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vamos a ver. Non vamos a entrar aquí nun debate sobre a sanidade porque creo que non corresponde. Nós vamos a votar a favor porque todo o que pon aquí está claro que, que instamos á Xunta a que nolo faga e se mellora a sanidade moito mellor, porque está na rúa que a sanidade, os problemas todos que hai, coas listas de espera, a xente non traballa, algunha non traballa, non está organizada como debería, para que fora un servizo eficiente. Hai servizos que, con traballadores que están sen traballar porque se meteron en empresas privadas a facer o traballo que facían eses traballadores pero eses servizos seguen cos mesmos traballadores que tiñan antes. Iso é incrible. E así está a xestión de moitos organismos públicos e agora veñen estes problemas que temos encima. Está claro que ten que haber unha reorganización pero brutal. Brutal porque o camiño que levamos estase tapando con tiritas pero calquera día vainos a rebentar todo e os recortes vanse facendo polas clases, pola xente máis nova, os soldos son pequenos, e todo iso, pero pouco a pouco vai ir chegando ao sistema arriba. Pouco a pouco, haille ir chegando ao sistema arriba. O que pasa é que primeiro van polas partes de abaixo e queren salvar os pés os de arriba, e primeiro que se vaian fastidiando os de abaixo. Miren, queren crear servizos? Cómprenos unha sexta praza de enfermería, pois se nos compre unha hixienista dentais e odontólogos, pois miren, tomen a iniciativa. Conforme queren crear servizos para os cidadáns, dean subvencións para hixienista dentais e odontólogos aquí para os cidadáns de Barbadás. Falen coa Xunta de Galicia. Páguenlle o soldo do enfermeiro, da enfermeira, ou para cubrir as prazas do hixienista. Entende? Vostede aquí, outros, non, non, non leven as mans á cabeza. Isto é unha tontería. Xa sei que é unha tontería. Pero outros servizos creámolos e dicimos, defendemos que o necesita a cidadanía e tal, en cambio outras cousas reclamámoslle a deus todopoderoso que nolas traia. Eh. Entón, ao mellor tamén podían facer algo. Se hai un problema grave por non ter o hixienista dental no centro de saúde da Valenzá en vez de estar como está derivado ao centro de saúde de A Carballeira, pois busquen a maneira de darlle ese servizo aos cidadáns de Barbadás. Non? Pois tamén sería unha opción. Entende? E non se queden sentados na

cadeira, non se queden sentados no sillón, dicíndolle á Xunta que nolo traia pero que nolo traia cando lle dea a gaña. Entón dicímoslle aos cidadáns, “non, non é que ten que ser a Xunta”. Ai, pero outras cousas traémolas nós, non lle preguntamos nada á Xunta. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana. Empece. Empezo a contar.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non, vaime sobrar o tempo. Vamos a ver, despois de estar lendo esta moción, vamos, totalmente de acordo ao mil por mil. A seguridade social, aquí en España, pasamos a ser dos mellores do mundo, tíñamos a mellor sanidade, estábamos dentro dos primeiros do mundo, e cada vez vámola recortando, vámola oprimindo, e vámola matando. Vouvos poñer un caso. Vas ao médico de cabeceira, encóntrache un problema e mándate ao especialista sete meses máis tarde. Como se pode concibir que dende o médico de cabeceira a un especialista pode haber unha lista de espera de sete meses? Que pasa? Que se é unha enfermidade grave xa estás para o outro mundo. Que facemos con isto? Que o que teña 100 euros ou 200, no peto, vai ao médico e o que non, morre. Non podemos permitir que suceda isto porque hoxe tócalle a un veciño, mañá pódeme tocar a min ou a vostede, ou a calquera. Estamos de acordo en todos, en todos e cada un dos puntos. Temos un centro de saúde bo, quitando a situación, que volvo a dicir esa situación nunca me gustou nin nunca me gustará, pero as instalacións dentro, é un bo centro de saúde. Temos seis médicos con cinco enfermeiras. Ridículo. Penso que cada médico ten que ter a súa enfermeira. Non temos praza de hixienista dental. Señor Padrón, eu non me quero meter con vostede. Eu non teño intención de meterme con vostede porque vostede pertence á oposición igual que a min, pero e que eu non sei, as veces faime rir, outras veces faime dubidar, outras veces digo, de que vai, que lle está dicindo ao goberno de pagar unha enfermeira, un... é que eu non entendo. É que vamos a ver, eu penso que aquí, a lexislatura está acabando, se queremos traballar traballamos, senón ninguén nos obriga, pero vir perder o tempo e dicir tonterías, sobra. Sobra. Sobra. Por que instar á Xunta? Porque a competencia non é do concello de Barbadás, a competencia é da Xunta. Vostede hai unha cousa que nunha moción que vostede vai traer, que llo vou dicir, vostede debe pensar que o concello é un deus, que no concello faise o que sae da real gaña. Non. Hai competencias que son da

Xunta. E nós o único que podemos facer é rogar, suplicar e pedir. E se non se roga, nin se suplica, nin se pide, hai un dito galego que di, o que non chora non mama. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Boas tardes señor Alcalde, señores concelleiros e público presente que tivo o mérito de vir a estas horas intempestivas, a ver a que hora acabamos hoxe outra vez. Entrando na materia da moción, resulta vergoñento ver ao señor Fírvida defendendo a sanidade de Barbadás cando el mesmo foi quen estivo a punto de estragar o centro de saúde do que hoxe dispoñemos. Oito anos na oposición, señor Fírvida, sen facer os deberes. Sen ter buscado un solar máis acaecido, como a vostede lle gusta dicir. Máis xestión, amigo Fírvida e menos fume. Dicir que toda a culpa do problema sanitario é da Xunta, significa non ter nin idea do que é a realidade. Asemella que vostedes no BNG viven nun mundo alternativo ao real. Por desgraza, os problemas da nosa saúde veñen de lonxe. A sanidade xunto coas pensións constitúen un pozo sen fondo que cada vez máis, precisa máis recursos. Ogallá fose culpa do PP porque entón sería fácil de resolver. Teriámolo todos claro. Ogallá fose culpa do PP. Pero vostedes mesmos, no BNG do bipartito, non arranxaron nada e por riba deixaron a caixa toda desfondada despois de non facer nada na sanidade. O mesmo, o mesmiño que van deixar neste concello cando se vaia. Moita parola, moita declaración institucional pero nula xestión e nin un peso na caixa. Se as esquerdas foran mellores en temas sanitarios, Andalucía non sería a peor comunidade de toda España como é a día de hoxe. E espere o que vai saír de aquí en diante, que vai empezar a aflorar todo o que teñen agochado. Non, non, ríanse, ríanse, que a min tamén me vai dar a risa. En canto aos seus amigos nacionalistas, dende que colleron a sanidade catalana os nacionalistas independentistas vai en picado. Vai camiño de estar peor que a extremeña, así que lecciónns neste eido, poucas. Déixese de lerias. Os políticos coma vostede son os maiores culpables do problema, señor Fírvida. Son os que intoxican á poboación con estes discursos miopes, para sacar tallada como fan a cotío. Todo lle vale para atacar ao PP. Todo. Con razón ou sen ela e a medio praza. Vostedes van de manifestación en manifestación. Tamén defenden a sanidade como a república. Tan ben fan que defenden ás mulleres, coma se manifestan polo orgullo LGTB e non sei

cantos máis. O caso é estar na rúa protestando e non traballando. Esa é a súa xestión. No tocante á moción en si, o BNG trae aquí unha corta e pega dende Santiago, coma sempre. Fanlle as mocións alí en cadea e despois preséntana nos concellos. Para non levar traballo, vaia. Ou non sei para que. Pero o punto un, si que mete a calzador algo con sentido para Barbadás. Menos mal. Entón vou entrar nel. O que pasa é que nese punto un quédanse cortos. Temos once mil e pico veciños, lembro o censo do mes pasado, 11.259, a unha ratio de 1.200 cidadáns por médico, correspóndennos 9 médicos de medicina familiar comunitaria, 9 enfermeiros, un PSX de tarde, 1 fisioterapeuta, 1 dentista, 1 hixienista, 1 auxiliar e 1 servizo independente da Carballeira porque non pintamos nada na Carballeira. Vale? Isto é o que nós vimos pedindo e reclamando todos os meses, tanto dende o PP de Barbadás coma dende os propios traballadores dentro dos cales me inclúo porque son parte interesada. Por todo o antes imposto, solicitamos unha emenda in voce de substitución. Cambiar o punto un dos acordos, para incluír a petición do resto de traballadores que acabo de sinalar. E cambiar o punto dous por instar á Xunta de Galicia a que defenda no seno do Consello Interterritorial a creación dunha comisión multidisciplinaria que defina o modelo de saúde que queremos para todo o país, as prestacións que queremos dar aos cidadáns e como van a financiarse. Todo isto para garantir o futuro do modelo sanitario español, que sinto dicirllo dona Fina, pese a todas as eivas en grazas en moito caso ao esforzo dos profesionais, segue sendo dos primeiros do mundo. Temos as taxas de supervivencia e lonxevidade maiores do mundo. O mesmo ten que facerse para garantir as pensións. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, ademais tamén pola brevidade, por axustarse ao tempo.

O Sr. González toma a palabra (PP): Xa sabe que agora non fai falta que nos chame a atención que traemos... para quitarlle a vostede o traballo.

O Sr. Alcalde toma a palabra Pero o traballo é meu, non é seu, ese é o infortunio que ten vostede. Teño que facelo eu, non vostede.

O Sr. González toma a palabra (PP): Mallado, mallado.

O Sr. Alcalde toma a palabra Ten vostede a palabra. Si, si, si. Señora Victoria, señora concelleira, actúa en calidade de voceira do partido socialista.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Nada, eu vou ser moi breve. Só para dicir

que concordamos plenamente na visión que fai o Bloque Nacionalista Galego, respecto á sanidade en Galicia, a depauperación da sanidade que é sostida fundamentalmente polos grandes, polos grandes profesionais que ten a sanidade en Galicia. Evidentemente, a nós tamén nos preocupa como así queda demostrado na moción do BNG, do Bloque Nacionalista Galego, a sanidade en Barbadás. Agora mesmo, falan vostede de habitantes. Non todas as persoas que están censadas teñen o médico aquí, evidentemente. Iso sábeo tamén o doutor Manuel González. O de crear un servizo propio para o centro de saúde na Valenzá e non depender do centro da Carballeira, a verdade que é unha demanda moi coherente, coa que estamos por suposto de acordo. Isto suporía que o centro de saúde de A Valenzá tería un xefe de unidade que sería o que coordinaría todo o servizo do centro de saúde que é o ideal, e non ten que haber mandos intermedios que se intercomuniquen entre si para quen toma a decisión formal é o centro de saúde de A Carballeira, o xefe de unidade sen embargo, aquí os profesionais pois teñen máis carga de traballo algúns deles por este motivo. Entón, parécenos moi acaecida a proposta do Bloque Nacionalista Galego, e lamentamos moito que o Partido Popular viva noutra galaxia falando dunha sanidade marabillosa e xenial que non existe, tendo en conta que moitos de nós, algúns de nós podemos falar e dicir que pedimos vez para o médico de familia porque temos gripe, e cando xa nos dan vez, xa se nos pasou a gripe. E tamén pedimos vez para traumatoloxía e dánnola de decembro a agosto. Entón para nós iso é moi preocupante, entón non son o mundo marabilloso e xenial do Partido Popular de Barbadás e mesmo do Partido Popular de Galicia, ou mesmo do Partido Popular na Deputación. A sanidade, ao Partido Popular parece que lle importa pouco, e o que lle importa é manexar unhas tixeiras ben afiadas para os recortes na sanidade e na educación.

O Sr. Alcade toma a palabra: Moitas grazas señora Victoria. Ten a palabra o señor Fírvida.

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Ben. Señor Ramón, comezando por contestarlle a vostede, hai unha cousa que non comparto con vostede, e é que a xente na sanidade, si que traballa. Os profesionais da sanidade, traballan. Traballan moito. Moito. Moito e ben. Tanto os profesionais sanitarios coma os non sanitarios, o persoal de apoio, o persoal administrativo. Dígolle máis, se non fose polos profesionais da sanidade, a

sanidade sería insostible a sanidade pública hoxe no noso país. Quen está salvando a sanidade pública deste país, son precisamente os profesionais, polo moito e ben que traballan. Son eles, as veces asumindo funcións que non lle son propias, asumindo cargas de traballo insoportables, tendo que aguantar nun día un montón de consultas que superan con moito as que marcan as directrices dunhas boas consultas sanitarias, atendendo ás persoas fóra do seu horario, son os que están salvando á sanidade pública. Entón, eu permítame que non comparta con vostede de que a xente na sanidade non traballa. E ben, vostede aproveita todas as ocasións que ten para criticar a este goberno. Ben, está aí, é o seu traballo. Pero home, facernos a nós responsables de que no centro de saúde de Barbadás non haxa unha sexta praza de enfermería, ou non haxa odontólogo, home, ben, non sei. Pode acusarnos do que queira, non?, pero como xa lle dixeron, xa lle explicaron aquí, as competencias son de quen son e non vamos nós empezar aquí a cubrir as competencias en materia sanitaria e montamos un hospital municipal de Barbadás, non?. En fin, a Deputación, xa tivo. A portavoz de Democracia Orensana darlle ás grazas polo seu apoio e ao portavoz do Partido Popular, a verdade é que non esperaba menos del. Home, empezar dicindo que, ademais eu non?, que case me cargo o centro de saúde, xa é asignarme a min un poder sobrenatural, que non teño. Ben. Vamos ver. O centro de saúde, cando chegamos ao goberno deste concello en xuño do ano 2015, tivemos moitas, moitas conversacións coa Dirección Xeral do SERGAS, coa Consellería de Sanidade, día tras día, este concelleiro chamaba todos os días por teléfono durante o mes de xuño, de xullo do ano 2015. Todos os días! E lles preguntaba, aos señores responsables da Xunta de Galicia do Partido Popular, onde ían facer o centro de saúde, que dotacións tiña, como estaba orzamentado, que prazo tiña de entrega e como ía ser. E o que me contestaron, o que me contestaron, o Director Xeral do SERGAS, contestoume, do Partido Popular, que se queríamos, si, si, estou falando pola boca del, dá igual o que diga, a resposta do Director Xeral do SERGAS foi, se vostedes queren un centro de saúde onde está planificado polo anterior goberno, facémosllo, e se non o queren nese solar, se quedan sen el. Opción que tiñamos coma goberno, prescindir dese centro de saúde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Polos seguintes vinte anos. Ben, moi rápido. Eu

creo que a intervencións que se cualifican por si soas como a do señor Manuel do Partido Popular, xa non teño nada máis que engadir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, Xosé Manuel.

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): En todo caso vese que agora, os novos amigos do Partido Popular, o modelo andaluz e dos seus amigos de VOX

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): e por iso lle copian o seu discurso racista, xenófobo, machista e homófobo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xosé Manoel, tes que rematar, por favor. Señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu sei que vostede me entende ben pero ten que facer aquí o paripé e nada máis. Mire, a sanidade non a arranxa nin os de dereitas nin o de esquerda, porque hai un tinglado montado dunha maneira que entre o goberno que entre non o dá arranxado porque ten que botar a un montón de xefes, ten que botar a un montón de xente que está de sobra aí. Os sanitarios traballan, claro que traballan, como traballamos todo o mundo, eh!, pero mire, hai que falar realidades. Hai servizos dentro da sanidade, que hai ao mellor cincuenta e pico persoas que non están traballando porque se lle meteu a unha empresa privada. E estas cincuenta persoas están cobrando e non poden traballar. É o que lle estou dicindo. Non poden traballar porque lle meteron a unha empresa privada, entón estámoslle pagando a esa xente, estamos pagando á empresa privada e estamos pagando a dez xefes. Dez xefes para un servizo de xente que non traballa, que son uns soldos, amigo meu, onde son. Iso é unha cousa, un pequeniño de nada, de todo o sistema sanitario galego. Non digamos do español e do andaluz e de todo iso. Entón, isto está moi ben e vámolo a votar a favor, e nós estamos a favor disto, pero o tinglado, o tinglado non se arranxa facilmente, nin ningún goberno o arranxa facilmente. E a proba está, veñen gobernos de esquerda ou veñen gobernos de dereitas e o problema segue aí e os recortes van seguir porque se a economía vai mal, os recortes empezan por onde empezan, porque non se recortan por outros lados. Eu non vin cando veu a crise, non vin ao presidente do goberno de quenda que estaba aquel día, e creo que era o Rajoy, non?, eu non o vin subir ao estrado e dicir que se baixaba o soldo un 30%. E dicir, miren señores, vámoslle a pedir recortes aquí a todo o mundo, e para dar exemplo eu son o primeiro que me vou baixar o 30% o soldo, que me chega

ben. Eu non o oín dicir iso. Claro, o que pasa sempre. Aquí sálvese quen poida e primeiro vaise e despois, agora hai soldos, xente que fai vinte anos gañaba 180.000 pesetas, eh!, que son 1.000 euros, 1.100 euros, hoxe gañan novecentos e pico mil, eh! Vinte anos despois. Ou sexa que fíxense, por onde empezaron os recortes. Pero non por as altas direccións e os altos cargos e todo iso. Eses seguen cobrando ben. Porque aínda que se lles conxele o soldo, son soldos grandes, eh! Vamos falar as cousas como as vamos falar. Eu non estou a falar de que non traballen os médicos nin nada, pero tamén lle vou poñer exemplos, tamén hai exemplos, eh!, porque tamén hai exemplos dunha persoa que foi a urxencias da rúa Concejo, ou Concello, como lle chamen, de Ourense, e coma eran xusto as oito da mañá, dixéronlle "é vostede de Barbadás, vaia a Barbadás que está alí o médico de urxencias". E chegou alí a súa hora e tiña que estar o médico de urxencias. Sabe onde estaba o médico de urxencias? No bar. E esa persoa tivo que coller, farta de esperar media hora e tívose que largar á residencia á urxencias.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entende? Entón, vamos ser serios. Os problemas son os problemas dos recortes pero a sanidade necesita unha restruturación moi fonda se queremos

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, remate. Leva 3 minutos 31 segundos. Non, non se estendeu máis dese tempo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Mire, fágolle caso e remato.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fai ben. Fai ben e doulle as grazas.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Tan só unha cousiña. Mire

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón non me fai caso. Resumindo, non me fai caso.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non llo fixo el tampouco.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fíxoo porque non superou o seu tempo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Señora Fina Varelas, nunca cualifiquei nada do que dixo vostede aquí nestes tres e pico anos de tontería. Agora, se vostede cualifica o que dixen eu antes que este concello pode conceder subvencións para o hixienista dental coma o Concello de Ourense pagáballe aos empregados o dentista, ou as gafas. Ou que?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, señor Ramón, remate, remate.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non son tonterías. Entón se vostede cualifica antes o que dixen eu, iso de que é unha tontería, a cantidade de tonterías que dixo vostede aquí é que xa pasan do teito para arriba.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada, non lle vou entrar aos absurdos do Ramón Padrón porque el soíño vai quedar en evidencia na próxima moción. Só teño que esperalo para poñerlle os puntos sobre as íes. Que eu aquí non veño a discutir con vostede porque é unha perda de tempo. Razoar con quen non lle dá a gaña pois non, non é ese o meu traballo. Non é a miña labor. Dicir que a sanidade, os médicos, que eu teño meu médico obviamente, estou moi contenta coa sanidade. Estou moi contenta cos médicos, coas enfermeiras, son xente que ao longo do día atende a centos de persoas. Señor Manuel, vostede que é médico, sabe que é certo, que vostedes traballan, e traballan moito, e traballan ben. O problema da sanidade é que cando vostedes coma médicos de cabeceira nos atenden, derívannos a especialistas, no cal nos dan cita para sete ou oito meses máis tarde. Vostedes mesmos, señor Manuel, se queixan. Vostedes mesmos. Non lle poño nome a vostede porque con vostede disto non falei, pero eu teño falado con médicos, con colegas seus, compañeiros seus e din que é unha loita titánica, porque aínda que traten eles de marabilla aos pacientes, chegan a unha barreira dunhas listas de espera insoportables. Está claro que dende o Concello de Barbadás non vamos acabar con este problema. Uy, se acabáramos, seríamos deuses. Pero non vamos a acabar, pero nós temos que poñer o noso gran de area. Temos que facer que nos escoiten e se hai que insistir á Xunta como se insiste en outras cousas, neste punto moito máis, porque volvo repetir, quen ten diñeiro pode ir a un médico, a un especialista privado e non hai problema porque os temos moi bos. Pero é que temos que protexer á xente con poucos recursos e non ten para ir a consultas privadas. Temos que protexelo. E non lle vou votar a culpa ao PP, nin ao PSOE, nin ao Bloque, nin a nada. Aquí non é cuestión de culpas. É cuestión de arranxar os problemas que hai. E señor Manuel, non me queira dar a razón, pero vostede sabe que a teño. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Fírvida

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Non o señor Manuel.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah!, si, perdón. Vamos acelerados. Ten vostede a

palabra. Isto era por orde de intervención de grupos, pero

O Sr. González toma a palabra (PP): Antes de que me desconte o tempo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non lle desconto nada.

O Sr. González toma a palabra (PP): Queríalle facer dúas cuestións de orde. A ver se despois de catro anos que levamos aquí, cando se utiliza o nome, utilízase o don de diante, e cando se utiliza o apelido é señor. É que cada vez que chirrían os oídos cada vez que volvemos co de señor Manuel, señora Tía Antonia ou señor Pepe. De verdade. E o segundo, eu plantexamos unha emenda in voce que non me contestaron. Vana aceptar ou non? Señor Fírvida.

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Falo despois ou contesto agora? Non.

O Sr. González toma a palabra (PP): Agradézollo,

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): e despois direi por que.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas. Pois agora mida o tempo porque como o señor Fírvida é tan predecible xa traio a resposta preparada. É que é incrible, por desgraza. Catro aniños e seguimos igual, eh! Menos mal que lle queda pouco.

O Sr. Alcalde toma a palabra Empezamos a contar o tempo, entón. Non?

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. A ver, a dona Victoria, dicirlle que non é xefe de unidade. Xefe de unidade xa temos, xa o nomeamos dende o primeiro día que cheguei eu aquí. Queríamos unha xefatura de servizo, queríamos dar unhas charlas de saúde. Facer de Barbadás un dos concellos máis saudables. Ese foi o meu empeño dende que cheguei a este concello e segue sendo. Non tirarei esa toalla nunca. En cando a que falei de saúde, eu non falei da saúde de Galicia. Eu son o primeiro, mire, a min para darme lecciónns do que lle falla á saúde, podería dar unha charla, unha conferencia maxistral e teríaos aquí ata as doce da mañá de mañá. Vale? O que pasa é que non procede porque estamos no concello .esta moción, é unha moción xenérica como fai o BNG sempre, que serve para o que serve. Agora, as eivas?, aínda vou mañá, despois de saír de aquí ás quinbambas, coma nos ten o señor Alcalde castigados, as oito da mañá teño que estar en Santiago, a unha mesa, precisamente para defender a saúde de Galicia, que levo anos defendéndoa, e os que quedarán. Dicirlle ao señor Fírvida, a ver, señor Fírvida, é de libro, é de manual de primeiro da EGB. Cando un fai un solar e fai unha casa, ese proxecto que fai da casa vai vinculado ao solar. Se

vostede lle cambia o solar ese proxecto non vale para nada, ou temos que darlle lecciónns de urbanismo?. Vostede case se tira o solar. Menos mal que nós andivemos e tiramos da carreta, porque tirou contra el igual que tirou e perdeu o de Barbadás. Home por favor, se non ten memoria, recordámosllo. Vostede case se carga o centro de saúde, que estivo a piques, eh! Que ten mérito. O de VOX non llo vou contestar porque se descualifica así mesmo. Voulle contestar ao final. Ao señor Padrón, subscribo o dito por dona Fina, de verdade señor Padrón, hoxe non está nada lúcido. Contratar enfermeiras dende un concello, por Deus e pola Virxe. De verdade. E despois, dos médicos que non traballan, haberá algúns, por Deus, non somos perfectos, hai golfos en todos os colectivos, pero dicir que os médicos como colectivo non traballan é unha burrada coma unha catedral, que se contesta soa. Menos mal que lle cortou o tempo, se segue falando aínda se colgaba máis, coma fai de costume. Menos mal que lle cortou o tempo. Dona Fina, doulle a razón coma pode vostede ver. Eu son un tío coherente, cando hai que dala dáse, e cando non caña. A moción do BNG é unha copia descarada que defende o PP. Eu voulle dicir por que. E alégranos saber que nos copia mal e que non o recoñeza. Este tema deféndeo un compañeiro do PP, o compañeiro que veu comigo na lista, que é o doutor Patricio, que foi quen lle pasou esa información, coma é lóxico. Pero vostede é un alumno mal aplicado. Copiouna mal porque se quedou corto coma lle dixen antes. Pero claro, que pasa, coma fai sempre, ... entón, arre que arre, cabezonería e non tal. Hai que pedir 9 médicos e 9 enfermeiros, xa virá o SERGAS con que nos toquen 1.200 ou nos toquen 1.500. Son 9 médicos, 9 enfermeiros, 1 dentista, ben, non vou repetir o que pedín antes, e iso é o que pido sempre, entre outras cousas mañá tamén en Santiago llo recordarei a quen corresponda. Sigan así, señores do BNG. Xa non enganan a ninguén. Non serven para xestionar. Non serven para conseguir. Case tiraron este centro da Valenzá, coma lle dixen, pero é que tiraron o centro de saúde de Barbadás. Eh! E estaban alí agochadiños na manifestación, empuxando unha asociación que montaron e escondidiños, e deixárona cargar. Se estiveramos nós gobernando, xúrolle por deus que non se pechaba ese centro porque non tiña sentido pechalo, coas necesidades que ten Barbadás. En canto a súa moción, pirateada dende Santiago, pois en tres minutos non imos expoñer aquí todo o que fai falta, senón despois o señor Alcalde vaime cortar o tempo, como fai por costume, entón, non me vou estender.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu voulle cortar o tempo, cando toque.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Claro que a crise supuxo o maior deterioro ca había. Ou é que vostedes teñen a maquiniña de facer cartos, aí escondida? As crises todo o mundo ten que apertar o cinto. Voulle dicir só uns datos porque non teñen nin puñetera idea do que están a falar. Entón, só o gasto en primaria do último ano, foi, despois de todos os recortes que vostede di que hai, da xestión, de todas estas historias, aumentou un 1,07%. E o gasto hospitalario un 10,8%. Isto é un caso sen fondo que non é culpa do PP, por desgraza.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, ten que rematar, que leva 3 minutos 32 segundos.

O Sr. González toma a palabra (PP): Ben, entón só dicir dúas cousas, que o 40% do presuposto galego vai á sanidade. É dicir, 1 de cada 2 euros, para que se fagan unha pequena idea de por onde vai o tema. E só vou facer unhas palabras se mo permite o señor Alcalde, dun membro do PSOE

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, leva tres minutos corenta e cinco segundos. É o que máis se estendeu en todas as intervencións desta moción. O que máis se estendeu, entón rógolle por favor

O Sr. González toma a palabra (PP): Era moi importante por aclarar, porque é ademais do PSOE. É interesante porque foi don Jose Luis Rodríguez Zapatero o

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu dinlle a venia para seguir intervindo? Non lla din.

O Sr. González toma a palabra (PP): Ben, penso que por aclarar era interesante.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, vai en catro minutos, señor Manuel

O Sr. González toma a palabra (PP): Ben. Bernard Soria, que é un ministro seu dixo que o único inconveniente que ten arranxar a sanidade é a loita política. A loita desta tropa que fai as escusas e que utiliza a prepotencia e despois presumen de demócratas. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agora vou intervir eu. Si, tócache a ti, si, pero quero facer, dirixiuse a min, voulle dicir dúas cousas. Mire, vostede fala, vostede fala de don e señor. Sei perfectamente cal é o protocolo, pero é que eu non son protocolario coma vostede é. Vostede está no Partido Popular por iso ten ese protocolo, e eu estou no Partido Socialista, por iso non teño ese protocolo. Así de sinxelo. Si, é cultura. É

cultura. Pero cada un utilízao como lle parece. Utilízao como lle parece. Non é cultura, iso é protocolo. Iso é protocolo porque con iso non lle estou faltando ao respecto a ninguén. É o respecto ás persoas pasa por chamalas polo seu nome, señor, señora, Manuel ou non. Non chamarlle outra cousa. E non insultar. Iso é a primeira cuestión. E segunda cuestión, cando se fala de respecto, hai que respectar á autoridade. E vostede non a respecta. Iso o primeiro. Vostede estendeuse aquí máis ca ninguén. Nin o poñente da moción, nin os detractores da moción, nin os voceiros e voceiras dos outros partidos. Vostede charla cando lle parece, sen lle dar a venia ou dándolla. Cando lle parece. Sen máis. Iso, iso, si que é faltar ao respecto, e non dicirlle a alguén, don ou señor. Iso si. Aí está a diferencia entre vostede e máis eu. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde, neste caso o voceiro do Partido Popular,

O Sr. González toma a palabra (PP): O respecto das persoas non o dan os títulos, señor Alcalde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, precisamente

O Sr. González toma a palabra (PP): O respecto gáñase.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas señor Alcalde. Voume cinguir ao tempo, incluso, quizais utilice menos do tempo que me corresponde. Dicirlle ao señor Ramón Padrón que non entendemos por que nalgúns casos fala de asumir competencias impropias, cando a el non lle convén, por exemplo no tema de turismo, e sen embargo no tema de sanidade apetécelle asumir unha competencia impropia. Non lle vexo a coherencia política, e a coherencia práctica á hora de gobernar. Á hora de que nos esixe vostede un goberno coherente, pois nós tratamos de ser coherentes. Dicirlle, darlle moitas grazas, e os parabéns ao señor don Manuel, ao señor González, non, perdón, ai, que me confundín

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor González e Don Manuel

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Don Manuel e señor González, unhas lecciónns de protocolo que son marabillosas. Recibímolas de moi bo grao pero vostede está insultando gravemente non só ao presidente deste pleno, que é o señor Alcalde, que o ten chamado varias veces ao orde, e insulta tamén aos nosos compañeiros de goberno, do BNG, chamándolle tropiña. Entón, vostede non nos dea lecciónns de protocolo, nin de educación. Non nolas dea porque non as pode dar. Non está capacitado. E repito, o que

dixen na miña primeira intervención. A sanidade a nivel de Galicia, está depauperada. Está depauperada. Estámolas pagando todos os cidadáns galegos e todas as cidadáns galegas. E esta moción, parécenos moi acaecida porque repito, gañamos en autonomía. Desculpe se non domino a terminoloxía de xefe de unidade, xefe de servizo, iso xa é o de menos. O que pretende esta moción é que o centro de saúde de A Valenzá, gañe en autonomía que supoño que vostede tamén é o que desexa. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Morenza. Dona Victoria. Ten a palabra o señor Fírvida, don Xosé Manuel.

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Ben, moi brevemente. Moi brevemente. O Bloque Nacionalista Galego non acepta que nos propón do Partido Popular por dúas razóns. A primeira é porque menten e cando menten non se pode aceptar unha emenda cando se está mentindo. O señor Manuel dixo que o Partido Popular defendía a sanidade pública e que ten solicitado moitas melloras para o Concello de Barbadás. Nunca. Nunca. Xamais. Nin unha soa vez presentaron unha moción neste pleno solicitando melloras no centro de saúde de Barbadás. O Bloque Nacionalista Galego si que o ten feito reiteradas veces. Eles nunca. Polo tanto agora que non veñan de salva patrias a pedirnos, a adiantarnos pola dereita e a pedir o que pedimos nós por dez. Non. Iso non vale. Porque se non nós tamén teríamos que volver ao pasado e volver pedir un PAC como ten pedido o Bloque Nacionalista Galego, ou pedir radioloxía ou pedir outros servizos. Pero agora, estamos tratando esta moción e vostedes se queren sumar. Mire, vinte e oito xefes de centros de saúde de Pontevedra que dimitiron. Outros tantos na provincia de Pontevedra que dimitiron. En Ourense están reunidos e pensando se tamén van a presentar a súa dimisión. Todos profesionais especialistas sanitarios. Profesionais que queren e que aman a sanidade pública e que presentan a súa dimisión pola sanidade, pola situación da sanidade pública en Galicia. Debería tomar lecciónns.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ven, o alcalde non ía intervir nesta ocasión porque é unha moción do Bloque Nacionalista e subscribímola. Pero ante as cuestións, vámoslle chamar cuestións que verte aquí o profesional da medicina que está nunha mesa de debate para mellorar a sanidade pública de Galicia, que supoño que a súa postura será, será a de privatizar, a de privatizar, será o que defenden porque nestes últimos anos o que se prodigou neste país foi a privatización e a liberalización. Médicos que despois

resulta que están na súa consulta, no servizo público e despois van a consultar a súa consulta privada. A súa consulta privada, pois ben, xa o explicarán. Mire, vostede fala agora, fala agora de que se precisan nove médicos, nove enfermeiras, un fisio, etc, etc, etc. Ben. Este concello cando se deseñou ese centro de saúde que está aí nese outeiro, tiña xa máis de dez mil habitantes. Medramos mil cen habitantes en relación a ese deseño. E daquelas vostedes non dixeron nada en relación aos postos de traballo que se creaban alí, e o servizo que se prestaban. Non dixeron nin mu. É máis, unha mágoa que non teñamos aquí un folleto propagandístico do Partido Popular nas eleccións pasadas porque unha das fotografías máis destacadas era ese centro de saúde no que agora vostedes falan de carencias de postos e de atención. Entón, onde estaban vostedes naquel momento que tanto alardeaban de centro de saúde que ía ser a panacea para Barbadás. Vostedes daquelas xa sabían cal era a dotación que ía ter este centro de saúde, porque disto hai catro anos que se fixo un proxecto. Catro ou cinco anos. E tres que se inaugurou. E tres que se inaugurou. Daquelas vostedes sabían perfectamente como ían estar cubertos os postos sanitarios a atender. E sabían perfectamente cal era a poboación deste concello. Agora que están na oposición, falan de nove médicos, medicas, enfermeiros, enfermeiras, pero cando se fixo o proxecto dese centro de saúde, quen gobernaba a Xunta e o concello?. Vostedes. E sen embargo a fotografía co centro de saúde no outeiro ben que a puxeron. E vostede, vostede ademais alardeou en Sobrado, por exemplo, cunha fantasía do centro de saúde, cun vídeo e un power point ou algo semellante. Se non lembro mal. Levou iso. Pois agora, tome nota das súas palabras. Pasamos á votación.

O Sr. González toma a palabra (PP): Podo falar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non lle corresponde

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Por alusións, si

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non lle corresponde

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Por alusións si lle corresponde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non lle corresponde. Non ten a palabra para iso. Non. Mire, señora Chelo, non lle corresponde nada, non lle corresponde nada porque eu aquí estou falando de política, non de alusións persoais. Estou falando de actos, estou falando, estou aclarando e estou dicindo o que aquí estamos falando de actos políticos,

dunha campaña electoral na que el participou, na que el deu un mitin e retratouse cunhas palabras. E fixo o que fixo e dixo o que dixo. E dixo o que dixo. E as actuacións están aí, polo tanto non é ningunha alusión persoal. É unha alusión, é unha alusión, señora **O Sr. Alcalde toma a palabra:** Chelo Vispo déixeme falar, é unha alusión dentro dun debate político, e polo tanto nada máis que político.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Esa é a democracia que vostede ten neste concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Nada máis que político.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Correspóndelle por alusións. Como nos chama mentireiros.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non lle corresponde, señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ao Partido Popular non lle corresponde pero si llo vou dicir eu despois.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Procedemos á votación. Votos, votos a favor da moción? Abstencións? Non hai polo tanto votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións de PP o seguinte acordo: "**Moción en defensa da Sanidade Pública: 1- O Pleno do Concello de Barbadás insta á Xunta de Galicia a: 1- Crear de servizo propio ao Centro de saúde de A Valenzá, e que deixe de estar adscrito ao Centro de Saúde de A Carballeira. 2- cubrir a 6ª praza de enfermería. 3- Cubrir as prazas de hixienista dental e de odontólogo. 2- O Pleno do Concello de Barbadás insta á Xunta de Galicia a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruíndo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde: 1- aumento do orzamento destinado a Sanidade. 2- Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos/ substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia/ aumento das prazas de formación de especialistas, MIR. 3- Eliminación listas de espera: contando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibles, susceptibles de ser usados nos centros públicos. 4- Plan de**

Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperacións das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria. Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria. Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs. Garantir equipos completos de profesionais nos PACs. 5 Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios. 6 Eliminación dos copagos farmacéuticos."

5. **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A PROTECCIÓN DAS RÚAS DOS NÚCLEOS RURAIS FRONTE Á CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS PESADOS**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da orde do día que é a moción do Partido Popular para intervir en varios puntos que presentan carencia na seguridade viaria. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Como a moción é curta e vou ser breve, voulle ceder medio minuto ao meu compañeiro Manu, por se quere facer algún tipo de comentario.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah! Aínda non lle puxen a correr o tempo.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas Manuel. Moi rapidiño. Nós facemos as cousas polo principio. Primeiro foi facer o centro de saúde e fixémolo. O segundo foi aumentar a plantilla e si trouxemos un médico e un enfermeiro. E o terceiro, seguirémola aumentando. Non se preocupe vostede señor Alcalde. O que pasa é que non o vai ver de alcalde salvo que a cidadanía estea moi enganada. Me temo que non. Só unha cousiña moi clara, que ía acabar por aquelo das alusións a VOX. Quen foi ministro de sanidade no executivo de José Luis Rodríguez Zapatero, Bernat Soria, aplaudiu también que é posible un gran pacto de estado nesta materia. Toda a xente que sabe, toda a xente que sabe é partidaria de que é imprescindible facer un pacto pola sanidade. Se ben advertiu que o único inconveniente que ten é a loita política. Véxase o exemplo. Vostedes dous son o exemplo do que non hai que facer para mellorar a sanidade. Non. Lecciónns las justitas. Díxenllo un día, que aquí dicía vostede, parece mentira que alguén nos veña dar lecciónns de ética. De ética de coñecementos e do que faga falta, amigo Fírvida. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten vostede a palabra. Quédanlle, lamentablemente, catro minutos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Vou ir moi rápido, non hai problema. Entre as principais preocupacións dos veciños e veciñas das parroquias de Barbadás, está o deterioro que nos últimos anos sufriron as rúas que compoñen os núcleos rurais nas súas partes máis antigas. Estas forman parte dun patrimonio cultural, etnográfico e sentimental que debemos preservar, pois fan que manteñamos viva as lembranzas moi arraigadas do noso pasado e que deben de perdurar no tempo. Moitas inclúense dentro dun ámbito de especial protección que fai entre outras, que calquera actuación nas mesmas se realice dun determinado xeito. Dende o grupo do Partido Popular de Barbadás, preocupados polo abandono, a falta de protección e a realización de actuacións pouco axeitadas destes lugares, trouxemos ao pleno unha proposta para que se utilizara o empedrado como a forma máis axeitada e acaecida de pór en valor e protexer os mesmos. O actual grupo de goberno, non só ignorou esta proposta que tomou forma de acordo, senón que afastou dun xeito significativo das inquedanzas e preocupacións da poboación do rural. Nos últimos anos, aumentou o tránsito de vehículos pesados que circulan por estas rúas. Na meirande parte das veces de forma innecesaria. Elo está causando un importante deterioro moi visible no firme e na rede de saneamento e que fixo alertar aos veciños, preocupados incluso porque se poñen en risco propiedades privadas que a día de hoxe albergan un fermoso atractivo para quen nos visita. Debemos tomar pois, medidas urxentes para pór freo a este deterioro e evitar no mellor dos casos, custosas reparacións que sairán do peto de todos os cidadáns de Barbadás. Para elo, propoñemos unha serie de cuestións. Elaborar un rueiro catálogo, como dicíamos na comisión informativa do pasado xoves, municipal específico que recolla aquelas rúas que deben ser preservadas da circulación de vehículos dun determinado peso, carga e dimensións. Limitar a circulación de vehículos de determinado peso, carga e dimensións, por estas rúas. Instalar a sinalización axeitada coas devanditas limitacións e adaptar as distintas ordenanzas ao efecto e as mesmas deberán conter as posibles alternativas, cando afecten a obras de rehabilitación. E darlle a estes acordos o trámite administrativo necesario para a súa aprobación no pleno. Penso que vou axustado de tempo. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, perfectamente. Moitas grazas. Non, aínda lle sobrou tempo.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Señor Alcalde, quería facer unha cuestión de orde porque na do día ven á comisión onde se debate a seguridade viaria... pásolle a el... de vehículos pesados

O Sr. Alcalde toma a palabra: É igual. É igual. Un lapsus tamén o pode ter o señor Manuel. Creo que non é ningún problema porque se debata así.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Se non interfire na orde do día, na alteración. Nós incluso non temos ningún problema

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Podémolo debater agora.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Intervén despois na seguinte e xa está.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si home si. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu tiña que facer un pequeno comentario sobre, un pequeno comentario sobre o de antes. O público aquí presente ve claramente unha moción na que todos os grupos deberíamos votar a favor porque era pedirlle á Xunta a mellora do noso centro de saúde, e por unha liorta partidista, porque uns traen a moción para deixar aos outros en evidencia, e os outros poñen unha emendiña e non lla aceptan, pois, podendo saír aquí aprobado por unanimidade, pois nada, non sae aprobado por unanimidade. Porque o que interesa é a liorta. Señor don Manuel González. Mire, cando vostede non me contesta cousas que eu dixen aquí porque sabe que son certas, entón di que non estou lúcido, eh!. Pero vostede acórdase, os médicos traballan, claro que traballan, traballamos todos. Vostede acórdase cando dicía “os do sacho”, aqueles que andaban polas beirarrúas. Os do sacho chamáballe, e que fan eh. Que fan. Eh! Víase coma se refería vostede a eles. Eran persoas que traballaban tamén. Eh! Entón eu non dixen que vostede ao mellor aquel día non estaba moi lúcido. Si, non estaba moi lúcido. E explíquelle tamén, non solto o que dixo aquí, explique por que se pechou o centro de Barbadás. Porque entre todos os mataron e el só se morreu. Ou é que foi culpa só da Xunta? Ou do goberno de aquí? Por que? Digan a verdade, por que foi? Foi culpa de todos, verdade? Dos que traballaban, dos que ían alí, de todos, dos usuarios...foi culpa de todos, eh!. Como pasa no resto da sanidade pública. É culpa de todos. Porque está un sistema mal montado, mal xestionado e así nos vai, e

de moi difícil solución, moi difícil solución. Ben, en canto á moción, si, o espírito da moción, parécenos moi ben. O acordo, o primeiro acordo, elaborar un rueiro municipal ou catálogo específico que recolla aquelas rúas que deben ser preservadas da circulación de vehículos dun determinado peso, carga e dimensións, estamos de acordo. Que pasa? Que aplicado aquí á realidade do noso concello, cando a maioría dos núcleos rurais deste concello están todos sen rehabilitar e sen arranxar, poñer xa limitacións e prohibicións, cando hai que facer un montón de obras de reformas se se inician, ou sexa, se se empezan a rehabilitar eses núcleos, pois claro, non sei ata que punto ao mellor en determinados lugares onde xa existe unha rehabilitación nunha porcentaxe bastante alta, facer, preservar aquel sitio en concreto, pois si, pero habería que dicir aquí os casos concretos. Non estamos en contra pero facer así xeral, facer unhas prohibicións cando xa digo, a maioría dos núcleos rurais deste concello están as casas abandonadas, moitas están caendo, entón está claro que se se queren facer as reformas, maquinaria pesada vai ter que entrar porque as pedras a man non se sacan, eh!. Entón ao mellor establecer unhas horas, ou uns horarios, ou tal, pero ben, eu creo que isto ten que ser específico para certos sitios en concreto. Non pode ser unha regra xeral. Entendemos nós. Polo tanto aínda estando de acordo co espírito da moción, á hora de aplicalo á realidade do noso concello, hai que ter coidado de poñer unha norma xeral que xa, como traemos nós despois noutra moción, xa é difícil que se rehabiliten casas, xa é difícil que a xente se meta en reformas en sitios complicados, como para meterlle outra limitación ou outra prohibición, ou outro hándicap máis para que invista nunha vivenda. Entón eu creo que hai que facer unha reflexión antes de poñer normas que ao final van en detrimento do que queremos, que os nosos núcleos volvan cobrar vida, volvan ter xente. Esa xente vai pagar máis impostos ao concello, o concello vai ter máis, máis orzamento para dar máis e mellores servizos aos cidadáns. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra dona Fina Varelas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): A min con Fina, chégame

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agradézollo.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicir que esta moción, no papel é bonita, claro que é bonita. É unha moción na que estamos de acordo pero é unha moción irrealizable. Porque, señor Manuel, pregunteille o outro día a que puntos en concreto, vostede estaba

falando. Díxome, ben, nomeoume dous ou tres pobos, pero eu pensando neses dous ou tres pobos, os cascos antigos teñen unha entrada, ou coma moito dúas. Fágome unha pregunta, se vostede ten que no centro dun pobo facer unha reforma dunha casa, terá que pasar o camión por algún lado, ou que vostede quere? Pasar ao lombo o material? E reducilo a un horario. É que eu non o entendo. É que estamos falando de pobos non de cidades. Eu entendo que as cidades, os cascos antigos das cidades, coma Ourense, ou outros, ou Pontevedra, se fagan zonas peonís porque hai moitas máis alternativas por onde circular. Pero vostede dígame, Loiro, exemplo, praza do pobo, o centro. Vostede que o quere mandar pola zona, pola circunvalación por afora, ten que pasar polo rueiro igual. A ver vostede dígame. Porque sobre o papel é bonita, non llo nego pero é que a realidade é outra. Ou que vamos facer, autopistas cara o ceo. Material por aire, en helicóptero. Explíqueme coma vostede quere acometer isto. Temos un pobo coma Bentraces, con carencias onde aparcar os coches. Se unha persoa no casco antigo quere arranxar unha casa, como fai? Dígamo. Vaille axudar vostede a levalo? É que eu non entendo. Por moito que...non dubido que a moción teña interese. Que sexa unha moción interesante. Non o dubido, non poño en dúbida o seu traballo que o fixera de boa vontade. Pero é que é irrealizable. Ese é o problema desta moción, que non se dá feito pola forma en que están os nosos pobos. E unha cousa téñolle que dar a razón ao señor Padrón, hai que loitar polo rural, hai que loitar porque se rehabiliten casas e non poñer xa máis hándicaps. E se agora vamos a poñer, pois por aquí non poden pasar maquinaria pesada, non poden pasar camións, pois dígame vostede como quere solucionalo. Eu non o entendo. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Morenza, dona Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Dáme a impresión que o Partido Popular que re que volvamos aos tempos dos Pilares de la Tierra, con este tipo de mocións. Dicirlles tamén que non é certo que este goberno ignore a protección do medio rural, de feito está próxima a adxudicación de varias obras que solventarán o tratado nesta moción. Dentro das nosas posibilidades orzamentarias estamos a solucionar estes problemas, non prohibindo senón buscando solucións para que o tráfico, o cal non é de trailers porque os trailers non acostuman a entrar nos centros dos

pobos, como parecen dar a entender na moción que presenta o Partido Popular, estanse, vanse adxudicar obras, ou xa se adxudicaron obras de mellora en varios camiños veciñais. Respecto da urxencia da medida, este grupo de goberno sempre tivo claro que eran necesarias, motivo polo que se está a investir en solucionar esta situación herdada. Respecto da forma de pavimentación deste concello, estanse a seguir os criterios marcados pola Dirección Xeral de Patrimonio, que opta polo emprego do formigón desactivado combinado con lastra de granito. Por tanto este grupo de goberno cree que a solución non é prohibir senón buscar, coma dixen ao principio solucións que melloren a calidade de vida da veciñanza, que traten de, precisamente, tal e como recoñecen tanto Democracia Orensana como Compromiso por Barbadás, traten de revitalizar os antigos cascos e rehabilitando e promovendo a rehabilitación de vivendas por parte dos promotores. A nós a única solución que se nos ocorre ante esta proposta que presenta o Partido Popular porque nos parece practicamente irrealizable a nivel técnico, e así nolo din os nosos técnicos, é que se ten que crear unha ordenanza na que de desenvolva determinar os tipos de vehículos que poden entrar en determinadas zonas. Definir vía por vía, ou sexa, rúa por rúa, que tipos de vehículos entran, peso e características, itinerarios alternativos. Ben, todo iso ten que ser definido por criterios técnicos urbanísticos. Entón, nós propoñemos que o Partido Popular suprima os cinco, non sei cantos puntos ten, cinco, si, os cinco puntos por un punto único que sería elaborar unha ordenanza urbanística que defina, que defina, pois os itinerarios, que defina as rúas afectadas. É coma unha especie do que lle anticipaba eu na comisión informativa, que era unha especie de catálogo pero iso ténselle que dar forma a través dunha ordenanza municipal, que ten que ser aprobada, evidentemente, ten que ser elaborada con criterios técnicos. E esa é a proposta in voce, a emenda in voce, non sei se sería de substitución, neste caso, non?, que propoñemos dende o goberno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, de substitución, porque non é de engádega. Está propoñendo que suprima cinco puntos e poñer outro. Si, de substitución.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Si, que poñan un punto único que sería elaborar unha ordenanza municipal.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón, a non sei que queira contestar xa agora... Si, ten el. Ten el. Tres minutos ten vostede agora.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Vamos a ver, a gran diferencia que estamos a observar agora mesmo, a ver, nun principio vaia por diante que ao Partido Popular o que lle interesa é o fondo da cuestión desta moción, que é preservar as nosas rúas máis antigas dos cascos rurais, protexela dos vehículos pesados. Aínda que falei bastante rápido, penso recordar que nunca falei da palabra prohibir, tanto o señor Padrón como a señora Varelas, utilizaron o de prohibición. Nestes acordos única e exclusivamente se fala de limitacións, limitar a circulación de vehículos cun determinado peso e carga. Nunca se falou de trailers. É dicir, se unha empresa dispón de varios vehículos e ten que trasladar unhas pedras para unha rehabilitación nun casco rural, que teña que transitar por este tipo de vías, pois probablemente teñan a posibilidade de utilizar vehículos de menos carga e de menos peso. E se o limitamos ademais cando se conceden as licenzas, para ese tipo de intervencións, mellor que mellor. Vamos a ver. Por suposto, porque insisto o que nos interesa a nós é que isto salga aprobado porque o entendemos moi importante para a veciñanza e para os nosos pobos, para o noso rural, por suposto que vamos a ter en conta esa emenda, pero ímola ter en conta, señora Morenza, sempre que se inclúa que dentro de esa ordenanza, se elaborará catálogo, rueiro, no que se nomeen esas rúas que baixo carácter puramente técnico, necesitan ser preservadas de circulación destes vehículos, limitar neses casos o tránsito de vehículos destas categorías que falábamos, adaptar a sinalización correspondente e darlle cumprimento nas ordenanzas que estean vinculadas a maiores da ordenanza nova, hai ordenanzas coma é a de obras na vía pública e demais, que habería que tocar tamén. Por suposto, que aceptamos esa emenda porque o nos interesa é que salga aprobada esta moción.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Teña presente que é unha emenda de substitución. Acéptao

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Por iso dicimos que si admitimos esa emenda de substitución sempre que isto que nós estamos a pór aquí se toque dentro desa ordenanza. Eu penso que vai ir si ou si porque a propia normativa o vai a determinar. As limitacións, a sinalización, a preservación e darlle o carácter formal administrativo é si ou si, o cal non temos ningún problema. Insisto, nunca falamos de prohibir. Aquí tedes todos diante a moción. Nunca se falou de prohibir senón de limitar. Limitar non é

prohibir. Limitada temos a velocidade nas estradas e non nos prohibe circular por elas. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A vostede. Ten a palabra don Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Eu, xa o argumento que demos antes é que aplicado á realidade do noso concello creo que é ir demasiado adiantados. Nós non estamos de acordo en que se prepare xa unha ordenanza porque previamente haberá que facer, os técnicos terán que facer un informe, un informe sobre aquelas, aqueles núcleos rurais onde sexa necesario preservar as rúas, porque xa existen ao mellor bastantes casas rehabilitadas, e polo tanto, se por exemplo queda unha casa só por rehabilitar ou dúas e hai xa un núcleo xa bastante rehabilitado está claro que necesita unha protección. Non é o mesmo que a protección dun sitio onde todas as casas están ruinosas e están caendo. Entón, non é o mesmo. Entón, o primeiro que pedimos nós, é que para aprobar a moción, que se elimine o punto dous, tres, catro e cinco, e no primeiro punto, pero nós non iríamos a ordenanza. Nós o que pediríamos sería elaborar un informe, os técnicos que elaboren un informe dos nosos, nós pedimos unha emenda

O Sr. Alcalde toma a palabra: Manuel, digo Ramón, don Ramón, xa están eliminados que xa aceptaron a emenda feita polo goberno.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero nós non pedimos unha ordenanza

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Xa pero é a proposta que fai o goberno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Parei o tempo agora.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón temos que aceptar nós o que di o PSOE ou que pasa aquí?

O Sr. Alcalde toma a palabra: PSOE non, o goberno.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Pero non acepte, vote en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero que fale como queira. Está na súa quenda de palabra. El ten dereito a dicir o que lle parece.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero vamos a ver, vamos a ver. Despois contéstasme. E logo non se pode pedir un informe, un informe de

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, prosiga sen debater, ten un minuto máis. Non entre en debate, prosiga coa súa exposición.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu non entendo nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga coa súa exposición.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E logo non se pode pedir un informe aos técnicos que se entregue aos grupos políticos onde diga o estado dos núcleos rurais a preservar ou a non preservar, e logo sobre ese informe se traballe para crear unha ordenanza? Home, home! É que vostedes xa queren poñer o carro diante das vacas, eh!. Despois falan que non, que non queren prohibir. Vaia por deus!

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas don Ramón. Ten a palabra dona Fina. Volvo repetir o que dixen antes. A min, é unha boa moción irrealizable. Entendín perfectamente que os do Partido Popular retiran os puntos e acóllense a o que dixeron o grupo de goberno, pero, realmente unha ordenanza si, porque para levar a cabo unha cousa fai falta unha ordenanza, pero eu non sei ata que punto isto se pode realizar. Ou sexa, sinceramente, é que para facer unha ordenanza temos que saber se merece a pena facer unha ordenanza. Se podemos actuar en puntos, porque non é cuestión de facer unha ordenanza, é saber se realmente é viable. Porque entendedes o que trato de dicir. Se hai unha casa, hai unha cousa que dixo Manuel, e é certo, vale, non ten porque pasar una camión de moito tonelaxe, poden pasar camións máis pequenos. Vámonos encontrar que hai ao mellor empresas que non teñan furgonetas pequenas ou camións máis pequenos. Eu penso que un, eu penso que cada un cando fai unha cousa, intenta facelo o mellor posible. Eu penso que se eu fago unha obra nun sitio, tratarei de facer o dano menos posible. Pero o que está claro é unha cousa, é que se empezamos con mil ordenanzas, non prohibindo coma vostede di, non di prohibindo, pero limitando, estamos trabando porque os cascos, o rural do noso concello non é, non é un casco antigo dunha cidade. Vólvoo a dicir. Un casco antigo dunha cidade si se pode facer peonil porque ten moitas vías. Ten vías secundarias, ten moitas. Agora, dígame señor Manuel, en Loiro temos unha segunda vía. É certo o que vostede dixo. Pero ao mellor outro pobo non o ten. É que vamos a ver, temos que axudar, non imposibilitar. E ogallá con todo o respecto do mundo, ogallá fora viable. A noso entender porque algo entendo disto, para min, é un pouco inviable. É querer quedar ben, señores do PSOE, neste momento, querer quedar ben , é querer quedar ben, sen saber a que puntos estamos a falar e onde podemos actuar. Porque facer unha ordenanza por un só punto, tela marinera. Antes de facer unha ordenanza, mirar cales son os puntos que nos afectan e

despois xa actuar. Penso, a lóxica miña é así. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede dona Fina. Ten a palabra a señora Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Grazas. Pensemos por exemplo nun pobo coma o Pontón. É que en Pontón, aínda que se defina na ordenanza que tes que, un trazado alternativo tampouco tes trazados alternativos. Tes o que tes. O barrio do Requeixo en Piñor, non tes trazados alternativos. Tes que facer obra nun sitio, tes o que tes. Iso é o que vai definir a ordenanza. A ordenanza, o que está claro é que se ti queres sistematizar a concesión de licenzas para preservas os cascos antigos e para preservar os viarios, e para todo, e para ter unha sistematización, pois telo que facer a través dunha ordenanza. Senón como decides, como concedes unha licenza de obra e como dis, non vostede non pode pasar cun vehículo destas dimensións para proceder á rehabilitación desta vivenda. Se non o fas dunha forma sistemática, non é legal. Non valería de nada un informe, un informe sería un primeiro paso. Pero o que propón o Partido Popular, nós a alternativa que lle damos técnica, isto só se pode definir a través dunha ordenanza. Dicir que un vehículo de determinadas dimensións non pode entrar nun casco antigo ou que rúas, ou que calles ou que barrios, se ven afectados, pois por unha restrición ou unha limitación da entrada de vehículos pesados. Entón eu nese sentido, tecnicamente véxoo claro, outra cousa é politicamente vostedes que non estean de acordo con esta proposta do Partido Popular. Que eu non son partidista no sentido de que a propoña o Partido Popular ou a propoña Democracia Orensana. Non é o PSOE o que acepta isto, isto está falado polo goberno e estamos de acordo, en que se se quere sistematizar, acéptase a moción do Partido Popular. Se se quere só un informe e definir e que quede todo en auga de borrallas, pois entón seguimos coma estamos, sabendo cada empresa que vai facer unha rehabilitación a que lugares pode acceder e a que lugares non pode acceder con determinados tipos de vehículos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Si, grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Manuel García, non, Manuel Ángel.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Para distinguir, que senón.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde e grazas tamén á concelleira responsable polas explicacións oportunas previo ditame técnico sobre como se pode levar a cabo isto, que insisto parécenos moi importante. Unha ordenanza, loxicamente é unha formalidade. E unha formalidade axustada ás prescricións legais. É dicir, non se vai a pór nada nunha ordenanza que non sexa axustado a dereito, por así dicilo. E segunda parte, isto non é unha posibilidade. Non é unha proposta que trae o Partido Popular. Hai que pensar, é unha obriga que temos para estes lugares. Temos que preservar e protexer, ante o público, o privado. Porque insisto, e faleino na exposición da moción, estanse a pór en risco propiedades privadas. Todos sabemos que nesas rúas, existen balconadas, escaleiras...que xa non é a primeira vez que ten pasado, cruceiros, cruceiros. Ti sábelo Fina. En Loiro, por culpa de pasar un camión, tirouse o cruceiro. Eh! Estamos falando de sitios de especial protección. Ben. Entón isto é o que traemos e o que pretendemos con esta moción. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. A ver, simplemente unha aclaración. Non é por entrar en polémica de ningunha índole. Unha ordenanza deste tipo, precisa, evidentemente un estudo previo, minucioso. O estudo minucioso, previo, téñeno que facer os técnicos. Eles van ser os que digan que estas rúas poden ter estas alternativas, estas non teñen ningunha alternativa. Aclararlle a todos. É dicir, a ordenanza non vai ser, non, por esta rúa sen máis non pasa ninguén, e por esta rúa pode ser de 9 a 11, e por esta 10 da noite a 1 da madrugada. Non. Evidentemente, depende das características de cada vía, depende das características de cada vía e da localidade en si, os técnicos informarán cales poden ser as alternativas. É dicir, a ordenanza non xurde porque si, non sistematicamente o Concello de Barbadás, as obras que se fagan nos núcleos rurais non se pode acceder, pois eu que sei, de 10 da mañá a 3 da tarde. Non é iso. A ordenanza precisa previamente dun estudo minucioso e pormenorizado. É así. É o que quero aclarar. O que quero aclarar para todos os grupos. Exactamente. Pero para todos os grupos. Que quede claro nese sentido que a ordenanza, pretendería pórse en marcha despois dun minucioso estudo, por localidades e por rueiros. Exactamente. Pero neste caso, levará máis tempo, será moito máis meticulosa, hai que analizalo por especialistas na materia urbanística e incluso de tráfico e de seguridade viaria. Leva o seu tempo e

ten que ser moi minuciosa. E ademais hai que pensar que pode ser unha ordenanza que ten que ser, digamos, variable, por dicilo dalgún xeito, evolutiva. Evolutiva porque en certos tempos cambia. Non, que diga a señora Morenza como queda, como queda o texto. O texto da emenda

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Claro, o texto sería, elaborar unha ordenanza, palabras textuais, elaborar unha ordenanza para definir as rúas. É que iso tamén, non sei, si ben, o que di o primeiro punto. Para definir as rúas que deben ser preservadas da circulación ou limitadas á circulación dun determinado peso, carga e dimensións. Un pouco o que di o primeiro punto da moción deles.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Se suprimen o 2,3

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Xa recolle todo o que poden. Non, suprímense o resto dos puntos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): ... aparte de facer un catálogo hai que crear unha ordenanza.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Eu creo que o que se quere pretender é, aquí fala, elaborar un rueiro municipal específico que recolla aquelas rúas que deben ser preservadas da circulación de vehículos dun determinado peso, carga e dimensións. Pero aquí fala de preservar. Creo que debería dicir algo máis.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Limitar, tamén.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, limitar non. Limitar, tampouco

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Que defina, que defina. É que iso xa é unha cuestión

O Sr. Fírvida toma a palabra: Que regule

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que regule, que regule. Exactamente, máis que preservar porque preservar quere dicir xa, protexer directamente. Pero que regule, creo que a palabra que queda máis acaecida para isto. Regule. Que regule a circulación de vehículos dun determinado peso, carga, dimensión. E engadiría o que pon aquí.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Si, nos núcleos

O Sr. Alcalde toma a palabra: Nos núcleos rurais porque non o pon. Nos núcleos rurais. Procedemos á votación, ou sexa quedando un punto único, Elaborar un rueiro municipal específico

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non, rueiro non, ordenanza.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Elaborar unha ordenanza, exactamente, tamén o hai que cambiar. Ordenanza municipal específica que recolla aquelas rúas que, que regule a circulación de vehículos dun determinado peso, carga e dimensións nos núcleos rurais. Vale? Votos a favor da moción con este único punto? Abstencións? En contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PP, PSdeG-PSOE, BNG a abstención de Democracia Ourensana e os votos en contra do Grupo Mixto o seguinte acordo: **"Moción do Partido Popular para a protección das rúas dos núcleos rurais fronte á circulación de vehículos pesados: 1- Elaborar unha ordenanza municipal específica que recolla aquelas rúas que deben ser preservadas da circulación de vehículos dun determinado peso, carga e dimensións nos núcleos rurais. 2- Adaptar as distintas ordenanzas ao efecto. As mesmas deberán conter as posibles alternativas cando afecten a obras de rehabilitación. 3- Darlle a estes cordos o trámite administrativo necesario para a súa aprobación no Pleno."**

6. **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INTERVIR EN VARIOS PUNTOS QUE PRESENTAN CARENCIAS NA SEGURIDADE VIARIA**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos polo tanto ao punto cinco. Si. Moción do Partido Popular para intervir en varios puntos que presentan carencias na seguridade viaria. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas novamente. Un dos retos máis importantes para o noso concello é dar solución ás deficiencias de seguridade viaria e de circulación na Avenida de Celanova, na Valenzá, e os seus viarias de acceso e confluencia. Non só aumentou o número de vehículos que circulan polas mesmas senón que tamén o fixeron as incidencias do tráfico e o número de persoas que as transita. Foron varias as mocións e propostas que o grupo do Partido Popular trasladou neste senso ao grupo de goberno. Propostas que xurdiron da veciñanza que ve coma día tras día medran a inseguridade viaria e as complicacións do tráfico. Medra a demais a falta de implicación dos gobernantes, con actuacións firmes, seguras, precisas e non tímidas intervencións que en moitos dos casos empeoran a situación. Entre os puntos que

requiren unha pronta intervención para mellorar a circulación tanto de peóns coma de vehículos, atópanse os seguintes. Vounos nomear e logo indicarei un pouquiño máis polo miúdo cales serían estas intervención que propomos. Paso de peóns na Avenida de Celanova á altura de Correos. Paso de peóns entre a Avda. De Celanova e a rúa Tomás Rguez. Punxín. Travesía de Vilaescusa. Rotonda da rúa Regato dos Muíños. Esquinas da rotonda da Familia coas rúa Picouto e Areal. Esquinas de intersección da Avda. De Celanova coa rúa do Viso. Para mellorar a actual situación de inseguridade viaria que sofren os devanditos puntos, propoñemos ao pleno do concello os seguintes acordos: no paso de peóns da Avda de Celanova que se atopa á altura de Correos, ampliar a visibilidade e a sinalización do mesmo; cambiar a situación dos contedores de lixo e ampliar a distancia de separación entre as prazas de aparcadoiro e o paso. De non ser posible a realización destas medidas no paso de peóns, estudar a súa supresión, pois pensamos e creo que paga a pena, prescindir dun paso inseguro a contar con un que pon en risco o tránsito peonil. Paso de peóns entre a Avda de Celanova e a rúa Tomás Rguez. Punxín. Este paso supón un dos máis longos do municipio e de máis difícil acceso, tránsito, mala situación e con máis posibilidade de risco para os peóns. Por elo propoñemos a súa supresión, continuación das beirarrúas pola marxe esquerda da rúa Tomás Rodríguez Punxín cara a rotonda da Familia e a supresión dalgunha das prazas de aparcadoiro nese punto. Cambio de situación de contedores do lixo; intervención na esquina da marxe dereita desa mesma zona para que os peóns que decidan acceder á Avda. De Celanova por esa marxa o fagan unicamente pola rampla que remata na terraza da cafetería. Travesía de Vilaescusa. Realizar un estudo técnico e administrativo sobre a posibilidade de ampliar o espazo de circulación dos vehículos e continuar coas beirarrúas da marxe dereita en sentido descendente. Rotonda ao final da rúa Regato dos Muíños. Cambiar a actual posibilidade de xiro completo pola de medio sentido, implantando a correspondente sinalización vertical e horizontal de cebreado. Esquinas da intersección da Avda. De Celanova coa rúa do Viso: Instalación que impidan estacionas as mesmas a vehículos, actualmente poñen en perigo o tránsito de peóns. Elo contribuiría ademais, que os peóns que pretendan atravesar as vías o fagan por lugares sinalados e de forma segura. Rotonda da Familia na súa confluencia entre a rúa Real e a rúa Picouto: Instalación tamén de varandas pola mesma razón do punto anterior,

incrementadas polo maior tránsito de cativos en horarios de entradas e saídas aos centros educativos da zona. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, don Manuel Ángel. Ten a palabra don Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, pois nada, dende o noso punto de vista vamos a apoiar a moción porque todo o que sexa melloras da seguridade viaria e da seguridade para os peóns, para os vehículos, pois vamos a estar de acordo. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada, nós estamos de acordo con esta moción porque ante todo a seguridade dos nosos veciños. É certo que hai, que nomeou o señor Manuel e é certo que, encima dos pasos de, ou sexa, apárcanse os coches moi, moi, case encima dos pasos de peóns. Moitas veces non se ven porque hai prazas de garaxe, aparcamento, non prazas de garaxe, aparcamentos pegados mesmo aos pasos de peóns e iso dificulta a visibilidade. Realmente ao lado dun paso destes, temos que quitar coches e non ter os coches encima. Como non pode ser doutro xeito, vamos a apoiala porque claro, realmente léndoa e vendo todos estes puntos que se enumeran, sinceramente fai falta. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Moitas grazas dona Fina. Ten a palabra dona Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Un pouco ao fío do que di a compañeira Fina Varelas, dende que este goberno tomou, está xestionando o Concello de Barbadás, xa tomou decisións ao respecto da visibilidade antes dos pasos de peóns en sentido da marcha. Por iso, nalgúns lugares pois xa habilitáronse aparcamentos de motos; noutros lugares cambiouse a situación dos colectores de lixo, etc, etc, etc. E ben, a min gustaríame falar, chegados a este punto da realidade dos feitos e falar da falta de sinalización que cando este goberno tomou posesión, comprobou nos pasos de peóns estratéxicos da Valenzá, fundamentalmente na Avenida de Celanova. Naquel momento parece que non lle preocupou durante moitos anos ao Partido Popular, esta falta de sinalización. Había falta de sinalización nun dos pasos máis perigosos da Valenzá, na rúa 17 de maio, na confluencia coa ponte de Vilaescusa. Tampouco este paso de peóns

contaba ademais de estar sen sinalización algunha, non contaba coas medidas de accesibilidade. E este goberno suprimiu as barreiras arquitectónicas. Un paso de peóns neurálxico como é o que dá acceso á rúa dos Patos, da zona dos Patos, perdón, carecía de sinalización de advertencia. Eliminároнse barreiras arquitectónicas na zona de Carrefour, no entorno do hipermercado Lidl e no túnel reestruturouse o sistema de acceso e sinalización. Construíronse beirarrúas no paseo de Amieiros, e eliminároнse barreiras facendo o tránsito peonil máis accesible. Cando este goberno asumiu as súas funcións, había cero aparcamentos de motos. Hoxe en día habilitáronse numerosos aparcamentos de motos en diferentes puntos neurálxicos, o que mellora, coma dicía antes, a visibilidade en moitos puntos e pasos de peóns, porque este foi un dos motivos, aparte de para darlle cabida ás motos na vila da Valenzá. Executouse un proxecto de mellora de accesibilidade na Avenida de Celanova, recentemente, na confluencia coas rúas Guerreira e Porto do Río, que mellorou notablemente a seguridade das persoas que pasan por esta zona, e hai que ter en conta que era un punto perigoso de paso, onde xa houbera incluso incidentes por desgraza, que nalgúns dos nosos escolares. Habilitáronse pasos de peóns na zona do viaduto, lugar onde moito tránsito de poboación infantil e de paso de pais e nais, onde non había ningún paso de peóns. Na rúa do Viso colocouse unha columna de iluminación en led, no lugar onde antigamente había unha farola que non foi substituída polos anteriores mandatarios e converteron o oco nun cinceiro improvisado. Colocáronse tamén sinais luminosas. No acceso á Valenzá Vella, xa hai un proxecto de accesibilidade e mellora do entorno, aínda que lembramos que se eliminou unha columna de iluminación que entorpecía o tránsito, e substituíuse a rexilla que xa fora colocada na prehistoria da vila da Valenzá. Tamén se vai mellorar a seguridade viaria na zona de acceso á Valenzá Vella na rúa do Viso. Unhas obras que se van executar nas próximas semanas a través dun contrato menor. Na zona dos túneles de Lameira do Mato tamén existe un proxecto para mellorar a seguridade viaria de peóns, dende o territorio do concello de Ourense. É unha zona moi transitada por persoas que acoden dende Ourense ou dende a propia Valenzá, que usan como itinerario e incorpóranse a rúa Lameiro do Mato con moitas dificultades. E na zona do túnel do Lidl, tamén se vai incrementar a iluminación e vaise mellorar o tránsito, aínda máis do que se fixo, o tránsito peonil e a circulación de vehículos a través

do mesmo proxecto no que vai englobado tamén a mellora en Lameira do Mato. Pero a preocupación deste goberno pola seguridade viaria quedou demostrada xa ás claras dende o momento inicial porque se encargou a elaboración dun plan de accesibilidade na vila da Valenzá que é a folla de ruta que está seguindo este goberno á hora de acometer calquera actuación para mellorar a seguridade viaria. Despois tamén indicar que hai un proxecto para construír nove pasos de peóns elevados que por agora aínda non se puido executar porque falta de dispoñibilidade económica. Pero evidentemente, vaise levar a cabo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non sei se me queda tempo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quédanlle corenta segundos.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Ben, entón se quere podemos empezar a analizar as propostas que fai o Partido Popular na súa moción. O paso de peóns na Avenida de Celanova que se atopa a altura de Correos. Ese paso de peóns, evidentemente conta coa quiescencia dos técnicos. Nese paso de peóns había, ben, onde non había paso de peóns, elixiuse ese lugar estratéxico porque así nolo dixeron os técnicos. Esa zona non tiña paso de peóns e producíanse cruzamentos de persoas con moito perigo, por iso se decidiu e se consultou a habilitación deste paso de peóns nun lugar de alta densidade de poboación, tendo en conta que moitas persoas se dirixen cara o polideportivo, cara o campo de fútbol ou cara as piscinas no verán. Entón, non había, terían, tiñan que cruzar ao final da Valenzá e isto fíxose por comodidade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Ten que rematar. Van cinco minutos vinte e seis segundos. Correspóndelle a don Manuel Ángel. Ten tres minutos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, vamos a ver, nun principio en nome dos cidadáns de Barbadás grazas polo apoio que nos acaban de mostrar os representantes de Compromiso e de Democracia Orensana porque entenden a situación actual de inseguridade que temos nestas zonas. Agradecer tamén á concelleira e ao grupo de goberno, nun principio, porque entendemos que van a dar de paso esta proposta. O que si lamento e dende logo non vou entrar en ningún tipo de debate baldío, eu fixen, deixei de facer, todo o que teñen feito, corresponde á súa obriga, que teñen coma grupo de goberno. Dende logo eu non vou entrar nese tipo de confrontacións políticas, xa digo,

nin debates baldíos. Pero si lamento, señora Morenza, que a maior parte da súa intervención a fixera precisamente para descualificar e para pór enriba da mesa as obrigas que lle tocan. Non lle quedan outras. É moi pouco tempo para falar sobre este tipo de actuacións que trae hoxe o grupo do Partido Popular. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede, señor Manuel Ángel. Don Ramón?. Dona Fina?. Señora Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Ben, pois sobre o tema do paso de peóns de Correos dicirlle que ata agora non se produciu ningún incidente, non se nos chamou a atención sobre a inadecuada situación deste paso de peóns, polo tanto non, seguirémolo estudando. Nós, evidentemente, non sei se o dixen ao principio da intervención, si que imos apoiar a moción. Neste caso, no paso de Correos, seguirémolo consultando cos técnicos aínda que non tivemos ata agora ningún, ningún problema. No tema da confluencia entra a Avenida de Celanova, ese longo paso de peóns entre a Avenida de Celanova e a rúa Tomás Rodríguez Punxín, imos seguir a folla de ruta que xa marcou o plan de mellora de accesibilidade na que está prevista na ficha T06, protexer o percorrido peonil mediante unha plataforma única, non permitindo o estacionamento de vehículos nas inmediacións do paso peonil. O que suporía isto é que os coches teríanse que incorporar con moita lentitude a esa rúa e o tránsito peonil sería, tería unha maior seguridade e sería coma un paso protexido. É un pouco o sentido polo que van vostedes, polo que vai a proposta do Partido Popular, pero vostedes propoñen un pouco seguir a beirarrúa pola marxe dereita e isto propón seguir mantendo o paso no mesmo, na mesma situación. Sen ánimo de entrar en confrontacións políticas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Penso que o que pretende é suprimir o paso, eliminación do paso. Só un matiz con relación ao que di a señora concelleira, se se elimina o paso de peóns, nesa zona, a xente vai seguir pasando. Ten vostede un minuto despois, si.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non, nós non estamos pola labor de suprimir ese paso. Ese paso xa está recollido nunha das actuacións do plan de accesibilidade, entón nós ímolo manter. Ímolo mellorar o paso. O paso vaise mellorar pero non se vai suprimir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por iso, por iso é o que quero matizar. Ao mellor

entendían que

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Ao mellor non chegamos a un acordo. Na travesía de Vilaescusa, o muro que din vostedes de retranquear, ben, evidentemente esa propiedade é de propiedade privada. Cando pida liña eses propietarios, cando pidan liña ou humanicen aí, entón daráselle liña e retranquearase. Nós, o concello non pode chegar a onde un propietario privado e dicirlle, mire, vostede pida liña xa porque é moi perigosa esta zona. Evidentemente é perigosa. Este goberno xa actuou aí eliminando un pilón que había e unha dificultade no tránsito que había nesa zona e un estreitamento da calzada, que había. Xa se fixo unha actuación importante de mellora da seguridade viaria. Vostedes tamén falaban, ben, a Tomás Rodríguez Punxín, a reestruturación dos colectores de lixo tamén se vai facer agora porque nun dos lugares, o propietario vai facer obras entón xa se van ter que reestruturar os colectores de lixo neste lugar, e é unha actuación coa que si estamos de acordo. E o tema da rotonda final da rúa dos Regatos dos Muíños tamén o consultaremos cos técnicos. Tampouco podemos tomar decisións e tamén o comprobaremos e miraremos se se pode, se se contempla algún tipo de actuación no plan de accesibilidade, porque evidentemente se temos un plan de accesibilidade feito por enxeñeiros técnicos na materia

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, señora Victoria

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Entón, non podemos facer outra cousa. Despois, no tema das varandas cualificaríao eu de oportunismo político porque evidentemente isto xa se anunciou nun plenario que se ían colocar varandas de protección nestes lugares, nos que vostedes propoñen.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Grazas. Don Manuel Ángel, ten, non, é a segunda intervención se non lembro, si, eles dixeron que non querían intervir, os dous. É a última pola súa parte que lle queda un minuto.

Si, señora Morenza, con respecto ao último porque é o que mais me quedou, o tema das varandas, oportunismo político? Sabe cantas veces trouxo o Partido Popular esa proposta das varandas, e quen lle está falando? Dúas veces, aprobada por unanimidade. Revise no primeiro mes do seu goberno e da súa responsabilidade política coma concelleira de urbanismo, un correo electrónico que quen lles fala, lle enviou a vostede particularmente sobre esas varandas. Revíseo, así que oportunismo, ningún. Ben. Entón

as propostas son estas. Vou incidir neste paso de peóns da Avenida de Celanova coa rúa Tomás Rodríguez Punxín, porque propomos a eliminación. Primeiro, é un dos pasos máis longos da Valenzá. Segundo, sáese dunha rotonda na que hai que vixiar, primeiro os vehículos que están aparcados indebidamente na rotonda. Segundo, un paso de peóns que está á saída e cando queremos ir á rúa nos atopamos aos peóns. Se na subida da rúa Tomás Rodríguez Punxín cara a Avenida de Celanova pomos as beirarrúas na marxe esquerda, continuámolas cara arriba e suprimimos esa beirarrúa da marxe dereita e obrigamos aos peóns a que o paso ese da rúa Tomás Rodríguez Punxín, último paso cara a Avenida de Celanova, utilicen a rampla os que queren acceder á Avenida de Celanova, para ir á zona do antigo centro de saúde, cafetería Oren e demais, evitamos complicacións. Unha esquina axardinada poderíanos valer, pero sempre coa eliminación do paso. Porque insisto, estamos saíndo, condutores, dunha rotonda na que temos que vixiar vehículos e peóns. Saímos dun paso para meternos noutro. E a xente maior tarda moitísimo en cruzar ese paso. Por iso propomos a eliminación. Non mellora nese paso. Pouco hai que mellorar. Hai que pintalo, podemos cambiar os contedores de lixo de zona, podemos continuar as beirarrúas, pero a xente se temos ese paso vai seguir cruzando por aí, o cal resulta un perigo. Por iso insistimos nese concretamente. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Simplemente unha cuestión, que valoren que, ten dous minutos, e din dous minutos para que quedara clarexada este circunstancia. Esta é unha opinión persoal miña, o que vou dicir agora. A min paréceme que a supresión dese paso de peóns non vai favorecer nada. Vai traer complicacións. Dito iso, dito iso, esta é unha opinión persoal. Pensamos dende o goberno que quen debe valorar isto son os técnicos municipais que están para elo. Están o aparellador, o arquitecto, a policía local, e incluso hai un colectivo que é Stop Accidentes. E hai un plan de accesibilidade neste concello que foi estudado por técnicos, elaborado por técnicos. Nós imos votar a favor desta moción, polo espírito da moción, non polo feito de que contemplen cinco ou seis puntos concretos que están elaborados por, chamémoslle políticos. Cidadáns pero que estamos neste mundo político, por dicilo así. Vale. Pero non teñen porque ter unha clarividencia técnica. Unha clarividencia técnica é dicir, poden ser xustas ou menos inxustas. A finalidade da moción parécenos correcta. Correcta, que hai cousas que mellorar na seguridade viaria. Por iso imos votar a favor.

Pero, imos analizar polo miúdo a circunstancia que se plantexan aquí en cada unha das propostas e ver se son acaecidas ou non acaecidas tecnicamente. Quero deixar constancia diso. Vale? Votos a favor da moción? Si.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **" Moción do Partido Popular para intervir en varios puntos que presentan carencias na seguridade viaria: 1- Paso de peóns na Avenida de Celanova á altura de Correos: Ampoliar a visibilidade e a sinalización do mesmo . Cambiar a situación dos contedores de lixo. Ampliar a distancia de separación entre as prazas de aparcadoiro e o paso. De non ser posible a realización destas medidas no paso de peóns, estudar a súa supresión, pois paga a pena prescindir dun paso inseguro a contar con un que pon en risco o tránsito peonil. 2- Paso de peóns entre a Avda. De Celanova e a rúa Tomás Rguez. Punxín: Este pasos supón dun dos máis longos do municipio e de máis difícil acceso, tránsito, mala situación e con máis posibilidades de risco para os peóns. Por elo propoñemos a súa supresión, continuación das beirarrúas pola marxe esquerda da Rúa Tomás Rodríguez Punxín cara a Rotonda da Familia e a supresión dalgunha das prazas de aparcadoiro nese punto. Cambio da situación dos contedores de lixo. Intervención na esquina da marxe dereita, desa mesma zona, para que os peóns que decidan acceder á Avenida de Celanova por esa marxe, o fagan unicamente pola rampla que remata na terraza da cafetería. 3- Travesía de Vilaescusa: Realizar un estudo técnico e administrativo sobre a posibilidade de ampliar o espazo de circulación do vehículos e continuar coas beirarrúas da marxe dereita en sentido descendente. 4- Rotonda da rúa Regato dos Muíños: Cambiar a actual posibilidade de xiro completo pola de medio sentido, implantando a correspondente sinalización vertical e horizontal de cebreado. 5-Esquinas de intersección da Avda. De Celanova coa rúa do Viso: Instalación de varandas que impidan estacionar nas mesmas a vehículos. Actualmente poñen en perigo o tránsito dos peóns. Elo contribuiría a que os peóns que pretendan atravesar as vías o fagan polos lugares sinalados e de forma segura. 6- Rotonda da Familia na súa confluencia entre a rúa Real e a rúa Picouto: Instalación tamén de varandas polas mesmas razóns do punto anterior, incrementadas polo maior tránsito de cativos en horarios de entradas e saídas aos centros educativos da zona.**

“

6. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A REPARACIÓN URXENTE DE VIAIS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moción do grupo Mixto sobre a reparación urxente de viarios. Ten don Ramón a palabra durante cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Dende a iniciativa veciñal que representamos, facéndonos eco das queixas da cidadanía nas últimas semanas, queremos alertar ao grupo de goberno, a necesidade de acometer urxentemente, antes de que volvan as chuvias, xa volveron, das graves deficiencias que presentan moitos dos viarios polos que transitan diariamente numerosos vehículos, dado o carácter residencial e populoso do noso municipio. Fochancas importantes e buracos fondos que obrigan aos condutores a sortealos, co perigo que supón tamén para os viandantes. Rúas desfeitas nunha porcentaxe alta do seu trazado. Cunetas sen limpar polo que a auga e as pedras desfán o asfalto das beiras da estrada o que provoca estreitamentos por mor de evitar os buracos que se forman. Raíces de árbores sen talar ao pé dos viarios que medran por baixo da estrada, producindo levantamentos desta. Dende Compromiso, presentamos no pleno de maio do 2018, unha moción para que o goberno actuara urxentemente sobre estas deficiencias ao fin de cubrir un dos servizos básicos que o concello debe ter ao día, como é o do mantemento e limpeza de viarias en condicións óptimas para o uso de condutores e viandantes. Lembremos, parte dos impostos que paga a veciñanza deben cumprir esta función. Sen embargo os meses pasan e agás os pequenos arranxos, o problema segue aí por non facer unha actuación seria e coordinada. A moción aprobouse pero o grupo de goberno non optimiza a xestión dos recursos e gástanse cartos en actuacións que non competen a este concello. Lembrar aquí tamén, a ausencia dun orzamento para 2019 onde se visibilice unha partida para acometer estas obras de mantemento. Dende a veciñanza, reclamamos que o goberno se preocupe e se centre en resolver os problemas do día a día dos cidadáns, e deixen dun lado os intereses partidistas. Polo tanto, o acordo é moi simple. É instar ao grupo de goberno a intervir en todas aquelas rúas e viarios que presentas as deficiencias indicadas nesta moción, sen máis dilacións e que consideramos que é plenamente consciente, se é

que se dá unha volta polo concello. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, don Ramón. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Votar a favor porque obviamente se as cousas están mal, se hai que limpar as cunetas, se hai que arranxar estradas, e camiños, é competencia do concello, se non se está facendo ben, téñeno que facer. Se é insuficiente, téñeno que facer máis. E non nos queda outra que votar a favor, claro está.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, dona Fina. Ten a palabra dona Chelo Vispo, polo que vexo, non?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, grazas señor Alcalde. Partido Popular vai votar a favor tamén. Todo o que Compromiso por Barbadás trae nesta moción estamos plenamente de acordo. O único que oíndo á señora Morenza que xa non hai liquidez para acometer varias destas...entendemos que son urxentes. Limpar os viaros, a reparación dos fochancas. A miña pregunta é, sen aprobar presupostos, que xa non temos liquidez, como quere vostede, señor Padrón, que esta moción se cumpra? Eu déixoo aí, ou sexa. Estou vendo ao señor Tenente Alcalde que fai así, a ver. As brigadas son as que temos. Non temos outras neste momento. Polo que vimos non temos contratacións nin temos presupostos, creo recordar, non? Orzamentos temos os do ano pasado. Vale, porque non temos aprobados os deste ano. Iso que quede constancia por se alguén non o sabe. Pero realmente, arranxar todo o que Compromiso por Barbadás pon nesta moción, eu creo que é bastante diñeiro, vale?, para poder...porque non soamente é unha rúa. Se vostedes se pasean polo concello, xa soamente os que non saian do núcleo urbano que é a Valenzá, bastantes fochancas hai. Iso non se arranxa soamente con botarlle alí os “bacheaditos” estes que se arranxan. Iso hai que arranxalo. Recordo que este concello había dous millóns de euros, vale?, que si, parte podíase facer co remanente do que pon aquí o señor Padrón, coma é arranxar as estradas. O outro podíano facer as brigadas, pero ben, neste momento esa liquidez dese remanente de tesourería gastouse en asfaltar camiños de terra. Ben ou mal, non vou entrar. Xa entraremos cando teñamos que entrar dentro de catro meses. Pero realmente, todo o que aquí pon estamos de acordo señor Padrón, pero dígame como o van facer, porque vamos a aprobar esta moción. Mire, vamos a aprobala igual que aprobamos outras anteriores e

quedará no limbo. Vale? Cando os que entren en maio vanse atopar de que non hai diñeiro na caixa, de que temos levantado todo Barbadás, xa non digo soamente o núcleo urbano, senón todos os pobos, vaiamos por onde vaiamos. É certo que hai que facer unha limpeza exhaustiva, non soamente que saia a máquina a limpar polas mañás cando chove, que non o entendo e nunca o entenderei. Vale? Nunca o entenderei porque traballo onde traballo, a vexo e é que digo, pasa polas, limpa as beirarrúas, as mesmas todas as mañás, e eu sigo dicindo que ben, déixoo para a seguinte. Para o seguinte punto, a ver se alguén pódeme explicar como se vai levar a cabo esta moción.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas dona Chelo Vispo. Dona Victoria, ten vostede a palabra. Ten cinco minutos.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. O traballo de rebacheo, limpeza de cunetas, arranxo de rúas desfeitas, raíces de árbores, todo iso faise, é un continuo. Faise dende o minuto cero que tomamos posesión o goberno, ata o día de hoxe. Irei explicando máis polo miúdo as cuestións. Dicir que os presupostos están prorrogados. Evidentemente hai diñeiro, o mesmo diñeiro que o ano pasado? Si. 20.000 euros en reparación de viarios que foi insuficiente, evidentemente. Porque xa lle digo que este goberno está continuamente acometendo obras, e lembren que tivemos das peores treboadas dos últimos anos, tivémolas os últimos dous anos. Caeron muros que foron reparados e que entran nesta partida de reparación de viarios. No ano 2017, creo lembrar, destináronse 50.000 euros a un rebacheo en diferentes puntos diversos de todo o municipio. O rebacheo que realizamos coas brigadas municipais tamén é constante e continuo, en diferentes lugares. As cunetas, límpanse, incluso cunetas que non se limparan na vida e non se sabía nin que existía nin que había debaixo. Acabouse descubrindo que había cemento. Brigueira, Escorregas, Cotosambade, ben, numerosas cunetas. Evidentemente como ben recoñece a líder da oposición, a recente coroada líder da oposición, recoñeceu que evidentemente si, as brigadas non son suficientes. Non, non son suficientes. Non é que non sexan suficientes as brigadas é que só hai unha brigada. Tres, dous operarios que se adican a estas tarefas porque tamén para iso hai que ser un pouco especialistas, non o pode facer calquera. Dicirlle que quizá a situación actual é preocupante? Si, a nós tamén nos preocupa. Temos unha planificación que nos preguntaba o señor Ramón Padrón? Si, temos unha planificación. Aquí a teño. Teño

unha planificación ao día pero non a puidemos acometer porque dende principios de decembro, antes da ponte da Constitución creo lembrar, o tempo non serviu. As plantas que subministran asfalto, en moitas ocasións non proceden á produción de asfalto porque o tempo non permite aplicar asfalto. As empresas están paradas, os plans provinciais da Deputación ano 2018, están parados, precisamente por esta mesma razón. Numerosas empresas de toda a provincia teñen numerosas obras paradas e só se fixeron nalgúns casos e por emerxencia, obras que tiñan que ser xustificadas ante a Xunta de Galicia, porque neste sentido a Xunta de Galicia é menos flexible que a Deputación neste sentido. Entón, evidentemente nós temos o noso listado para rebachear e farémolo cando as condicións climatolóxicas o permitan. Cando chove? Non podemos rebachear. Cando fai frío? Non podemos rebachear. Eu sinto ser repetitiva e ter que sempre dicir isto, pero, pensei que algunhas das persoas que están nesta corporación xa tiñan coñecementos ao respecto e sabían que non se pode botar asfalto cando as condicións climatolóxicas non o permiten. E si, estivemos facendo obras de pavimentación de camiños en terra. Existían camiños en terra, existen camiños en terra en Travesía Canibelas, rúa Tangaraño na Finca Fierro, Camiño do Cruceiro en Piñor. e estivemos facendo moitas melloras e reformas de pavimentos en numerosos barrios de Parada, de Piñor, das Lamas, de Sobrado. En Sobrado recentemente levamos a cabo tamén, acolléndonos a unha subvención conxuntamente con Toén, un rego asfáltico entre Moreiras e Sobrado. En Pontón, fixéronse melloras en viarios con zahorra. En Barbadás, o Camiño do Val, o Camiño do Cerredo. Evidentemente, non podemos chegar a toda, temos defectos, non podemos chegar a todos os lugares pero tratamos de chegar. Agora recentemente, foi adxudicada a obra de mellora da Praza do Pumar. Outra mellora que tamén vai mellorar a seguridade viaria e a situación espantosa de fochancas que si ten esa praza. Entón, aínda que soe tópico, é un suma e segue.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra don Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu sinto moito dicilo pero non hai planificación, nin hai cartos, e traemos a moción outra vez porque a trouxemos en maio e as fochancas seguen no mesmo sitio. E hai fochancas de, e non estamos falando de camiños, nin de pequenas pistas, eh!, estamos falando de estradas polas que circulan todos os días vehículos e centos de vehículos, eh!. Hai fochancas que están dende antes

que vostedes entraran no goberno e aínda non os repararon. É a súa obriga. Eu, xa sei que lle fastidia que lle diga isto, pero é que é a súa obriga. O que estea no goberno de Barbadás é a súa obriga manter os viarios en perfectas, en perfectas non, pero en óptimas condicións de seguridade viaria e non pode ser que haxa unha fochanca que leve catro meses, eh, coma é o da subida da Finca Fierro, pola que pasan centos de vehículos por aí todos os días. É que eu quero pensar que o que está tapando fochancas estes días porque xa os tapou tres ou catro veces con sábrego, non é o concello. Supoño que será un particular. Ben, pois debíalle dar vergoña. Debíalle dar vergoña. Pero é que é, ou sexa, mira, se foran catro ou cinco cousiñas miúdas, non lle traía a moción, pero é que vostede sabe coma min, coma está o concello. Coma está o concello de buracos, de grandes buracos, e de buracos que levan meses. E de cunetas sen limpar. E non hai planificación de ningún tipo. Non hai porque estase empregando recursos noutras cuestións que, que si, que si, que teñen os seus motivos, claro que están. Pero é que vostedes están para dar os servizos básicos que tamén teñen que dar. E eses téñenos que dar, gústelles ou non lles guste. E que vostede non pode estar ao fronte dun departamento e que unha fochanca dunha estrada leve catro meses alí. Non pode. Sobre todo por unha estrada pola que pasan centos de vehículos ao día. É que non pasan dous coches cada semana, coma pasa en concellos do rural, alá en Vilar de Barrio ou non sei, en calquera outro concello. Estoulle falando de, vostede sabe o tránsito que existe nesas estradas, e senón póñase alí un día, ou póñanse calquera da corporación alí un día e conten os vehículos que soben e baixan, e xa mo dirán.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou? Señor Ramón. Si?. Dona Fina Varelas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Escoitando ao meu compañeiro Ramón Padrón, sinto dicirlle unha cousa señor Ramón, ten razón, pero para vostede o concello de Barbadás é Piñor, Parada de Piñor e Finca Fierro. Vostede cando nomea fochancas, nomea Finca Fierro. Cando dá arranxos, é Parada de Piñor. Cando non, é Piñor. Voulle dicir que vostede é concelleiro de Barbadás. Quen manda arranxar as fochancas de todos os pobos? Si. Vostede sabe en Loiro se hai algunha fochanca hoxe mesmo? Se en Loiro temos algún problema? Si, sabe, é coñecedor. Onde temos un problema hoxe en Loiro? Non. Claro, porque non o sabe. E ben, o tema é o seguinte, o tema é ...Non, non me vou enfadar. Non, non, porque está sinalizado e vese. E non me vou enfadar porque

está sinalizado e se ve, e non ten obxectivo, non se ría Manuel, que non me vou enfadar, que ese camiño é de moita xente. A ver se vai pensar que... As cousas hai que arranxalas, pero en todo o concello. E os señores do Partido Popular, aquí, non poden botar campás ao voo porque todos estes camiños, moitos, veñen herdados de non preocuparse durante anos e anos, deles. Porque as cousas non se derraman porque si, as cousas derrámanse por deterioro. Pero non deterioro dun mes, nin dous, nin tres, nin de tres anos dunha lexislatura ou catro. Están, porque no pasado, preocupáronse moi pouco polas cousas. E agora, dende a bancada da oposición, e por favor, estou na miña quenda de palabra e non quero que se estea murmurando detrás porque cando fala vostede, se lle fago o mesmo, eu non sei se...ben, vostede non perdo o fío porque o trae gravado mentalmente. Ven vostede un cassette e punto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non interrompa señor Manuel, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Respecto, teña un pouco de respecto porque vostede vai ao din e ao don, e o importante é estar calado cando un compañeiro fala. A min non me poña o don por adiante, nin me trate de vostede, trátame de Fina e escóitame cando falo, que cho agradezo.

A Sra. Prieto toma a palabra (PP): Pero só che molesta cando fala .....

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non. Non falei de ti, señora Miriam. Señora Miriam, eu non falei de vostede. É que eu non falei de vostede, señora Miriam. Non, non, non. A min a súa voz non me molesta. A de Manuel éntrame por aquí e sáeme por aquí.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Prieto, non interrompa por favor as intervencións dos demais.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): A min non me molestou.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Teño que subscribir o que di Fina cando di que o respecto é escoitar. Non o don nin o señor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben, pois iso. Que hai que arranxar os camiños que están mal. Preocuparse por todo o concello. A moción? Si, señor Padrón, é certo. Pero todos os sitios do concello, non só Finca Fierro, Parada e Piñor. Enténdao, enténdao ben. E claro que lle imos votar a favor porque as cousas hai que arranxalas. Pero tamén pense unha cousa señor Padrón, vostede se se ve no posto de dona Victoria,

non sei coma faría porque arranxar hoxe o concello como están as estradas, tela mariñeira. Coma herdaron as cousas ! grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede, dona Fina. Ten a palabra a voceira do Partido Popular. Dona Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Coma poden observar levo todo este pleno caladiña. Escoitando. Soamente vou defender as súas mocións, señor Padrón. Dicíalle aos meus propios compañeiros que levo mordéndome a lingua todo o pleno. Todo o pleno co que oín aquí. Pero mire, voulle votar un cable. Vostede na súa moción pon, instar ao grupo de goberno a intervir en todas aquelas rúas e viarios que presentan as deficiencias indicadas nesta moción, sen máis dilacións. Señora Fina, non se refire, non, non, aquí non sei se o pon nalgún lado. Eu non o vexo. O señor Padrón refírese a todo o concello. Eu non sei onde vostede ve que pon Finca Fierro ou pon Parada. Tamén lle vou dicir a vostede que non nos dea lecciónns, nin ao señor Padrón nin a ninguén, do que temos que poñer o concello. Mire, poderíalle facer a vostede unha pregunta, sabe cantos nenos hai nas escolas deportivas? Sabe cantos nenos hai agora mesmo na gardería? Sabe vostede cantas persoas son dependentes neste concello? Non, porque creo que suspendería este exame. Vale? Vale? Entón non dea lecciónns aos demais porque si paseamos por todo o concello. Vale? Tanto o señor Padrón que ao mellor móvese máis ca vostede por aquí e o grupo do Partido Popular. Señora Morenza, non vou a entrar en debate, dona Fina Varelas porque non merece a pena. Vostede mesma se retrata vostede soa. Mire, planificación, cero, señora Morenza. Vostede dixo varias obras que acometeu, pero é que lle digo unha cousa, é a obriga do grupo de goberno, non sei se o saben, vale?, non sei se o saben, ter os viarios deste concello e os servizos básicos ao cen por cen. Ao cen por cen. E vostedes levan tres anos gobernando. Levan tres anos gobernando. Aí si lle vou dicir eu que lle imos a sacar os camiños de terra que vostedes asfaltaron e que melloraron soamente ao mellor, a unha persoa neste concello, ese viario. Cando realmente, mire, hai un buraco así de grande, xa llo digo hoxe porque aínda non o taparon, un buraco grande enfronte á gardería. Un pouquiño máis abaixo, onde está o Vivaldi, un pouquiño máis abaixo un buraco grande que todo o mundo o está reclamando, vale? Ata está dicindo, ou sexa... é que non o ven. Non os ven. Hai cantidade. A Finca Fierro, está que non se pode transitar por ela. As Lamas? Mire, están

tapando buracos, continuamente. Continuamente. Vostede estame dicindo a min, mire, é unha obriga deste concello. Vale? Deste grupo de goberno. Despois, soamente lle vou dicir por último, e aí si que me vai contestar vostede despois. Sabe de onde, dicíame o señor Fírvida antes que si temos orzamentos, claro que temos orzamentos, prorrogados do ano pasado. E sabe de onde sacaron 60.000 euros para axustar ese orzamento? Quere que llo diga e a poña a vostede colorada? Señora Morenza, de obras. 60.000 euros que lle sacaron. E vostede cre que imos a aprobar esta moción? Que si a imos aprobar porque ten o señor Padrón toda a razón e estamos velando pola seguridade e os viarios deste concello, cousa que vostedes non fixeron durante estes tres anos e vámosllo demostrar. E os 60.000 euros, vale? Perdón, pero é que me enfada, Fina, levo todo este pleno calada. Vale? E o que oín neste pleno é unha vergoña. E de verdade

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Señora Chelo, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Dígolle que os 60.000 euros os sacaron de obras, señora Morenza. Dígallo vostede á xente que lle está escoitando

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, señora Chelo

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Leva tres minutos vinte e oito segundos

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non me fai falta dicirlle nada máis. Soamente con isto último quedan vostedes retratados. Grazas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle responderei eu como proceda. Señora Victoria Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas señor Alcalde. Non perda o tempo. Dicirlle que non son 60.000 euros, creo lembrar que son 40.000 euros, que nos anteriores orzamentos se incluíron porque así o dixo a persoa encargada da intervención deste concello, porque era unha subvención da Xunta de Galicia e incluíronse coma ingresos da Xunta de Galicia, 40.000 euros. Entón, non é que se reduciran 40.000 euros. É que é unha operación contable. Vostede, polo traballo que ocupa debería saber o que é unha operación contable, e o que é cadrar as contas. O de botar sábrego nas fochancas? Eu síntoo moito pero o concello non pode botar sábrego nas fochancas porque iso si que vai contra a seguridade viario e iso si que é unha chapuza. Nós non podemos botar sábrego nas fochancas porque temos que ser profesionais. Xa lle expliquei antes

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, non interrompa.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Xa lle expliquei antes, non, non se preocupe que a min non me interrompe ninguén, xa lle expliquei antes que as condicións climatolóxicas idóneas son as que son. Vostedes, moitos de vostedes que están neste pleno, teñen coñecementos técnicos e saben que non se pode botar asfalto porque xa nin a propia planta abre. E díxenlle antes que 91 municipios do concello teñen as súas obras paralizadas, todas as obras adxudicadas e paralizadas, porque as empresas non poden traballar. Xa llo dixen. Evidentemente hai 20.000 euros prorrogados para reparación de viarios. Evidentemente fanse transferencias de crédito para reparar viarios. Evidentemente gástase diñeiro en rego asfáltico, en asfalto, que vai buscar, vai buscar a brigada de obras á planta de asfalto. E que temos unha planificación? Si, temos unha planificación e podo demostralo. E temos todas fochancas das que vostedes falan, anotados. Pero evidentemente non podemos ir á fochanca de por exemplo, vou coller un ao azar, en Porto do Río, porque lle digo que non temos asfalto porque non se pode botar máis que nunhas condicións metereolóxicas. Pero como non o poden entender e non lle interesa, politicamente interésalle "que mal é este goberno que non tapa fochancas!" Entón é mellor botar sábrego pero non podemos comprometernos a botar sábrego porque iso vai contra a técnica totalmente. Porque ao final acábanse metendo os vehículos aí e poden ter un accidente e o concello non se pode facer responsable dunha fochanca cuberta só con sábrego. É evidentemente vostede fala que é a nosa obrigación pavimentar os camiños en terra, pero tamén era a súa e non os pavimentaron. Non os pavimentaron. Era a súa obrigación, por que non o fixeron vostedes? Por que non o fixeron. Por que non os pavimentaron. Ah, non! Porque vostedes querían gastar 400.000 euros na ponte das Escorregas. Gastar 400.000 euros na ponte das Escorregas. E xa que falamos, non vamos falar de fochancas, vamos falar do centro de saúde. E por que o centro de saúde foi construído nun "pericouto" coma dicimos nós ironicamente. Por que foi construído? Porque os anteriores mandatarios non foron quen de promover unha modificación urbanística. Porque iso si que o fan os concelleiros, as concelleiras, os alcaldes e os tenentes alcaldes, no seu momento, durante 28 anos, ou 15 ou 12, que se estivo falando da necesidade dun centro de saúde, o goberno non promoveu unha modificación urbanística para poñer o centro de saúde, poñamos por exemplo, na zona

dos Amieiros. Non lle interesaba poñer o centro de saúde nunha zona chaira? Non lle interesaba, alí especulábase máis deixándoo así. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Victoria, ten que rematar. Ou dona Victoria, perdón. Ten vostede un minuto.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, uns ou non len, ou outros non escoitan. Como xa lle leu o acordo a representante do Partido Popular, xa non llo vou ler eu. Vostede lease as mocións. Aí pono ben clariño. Puxen un exemplo da Finca Fierro porque é un exemplo sanguento porque é unha zona pola que máis vehículos pasan, fóra da Valenzá, e está a fochanca no medio e medio. E eu non dixen que tivera que tapar as fochancas con sábrego. Iso dio vostede. Eu dixen que hai unha persoa que o debe estar tapando con sábrego, de alí ao lado porque cada día aparece tapado e vólvese marchar o sábrego, claro. Digo que vostedes non lles dá vergoña que estea unha persoa tapándoo a fochanca con sábrego e vostedes en catro meses non sexan capaces de tapalo con algo. Non me diga que en catro meses estivo a planta pechada. E senón, bótenlle formigón. O que pasa é que vostedes non poden ter os buracos catro meses. Terá que ir a tapalo. Se dentro de tres meses volve haber o buraco, pois volver tapalo. Xa sei que non van a asfaltar a vía, non van esperar a asfaltar a vía, pero o que non van é esperar un ano ao mellor a que lle dean unha subvención para asfaltar a vía e o buraco alí. O buraco ten que tapalo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, señor Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non queda outra. Xa non sei.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É que ten que rematar.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ía dicir outra cousa..

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, señor Ramón, claro que é a nosa obriga gobernar, coma a súa presentar mocións, queixas ou propostas. Pero gobernar é priorizar, e nós priorizamos. Vostede sabe coma min, e vou utilizar a terminoloxía, mentres chove ou xea non é posible botar asfalto. E aquí quérolle lembrar unha actuación ao Partido Popular, que foi moi destacada, un mes antes das eleccións municipais de hai catro anos, cando se botou asfalto nunhas condicións climatolóxicas lamentables, inapropiadas, que non viñan ao caso pero fíxose electoralmente. Fíxose electoralmente. Creo que vostedes saben todos e todas de que falo. Do cruce entre a

Avenida de Celanova e a Rúa do Viso. Botouse asfalto. Porque había que botalo. Era o momento. Faltaba un mes para as eleccións, pero botouse o asfalto. E en que quedou iso? Entón, eu convido a reflexionar sobre as actuacións, cando hai que facelas, o seu momento e a súa oportunidade para que sexan efectivas. Aquel asfalto converteuse en líquido porque había unha onda de calor. Unha vaga de calor. Ben, pois así non se traballa. E así non traballamos nós. Este goberno non traballa así. Evita, precisamente, esas circunstancias. E agora a circunstancia climatolóxica é ao revés. Fai frío e chove e polo tanto non é posible arranxalo. Hai que tomar nota de todo elo. A planificación está feita para cando corresponda traballar en función desas condicións climatolóxicas. E quero lembrar aquí unha cuestión que a señora Victoria Morenza non plantexou, non mencionou. Convídoos a todos vostedes e todas, que vaian ver a curva de Barxa, que afecta tanto á moción que presentou o Partido Popular sobre seguridade viaria, como a que presenta vostede agora sobre mellora de viarios. Vaian alí, que supoño que vostede vai, igual que vou eu, e que me recorro tamén o concello e que a vaian ver. Iso son actuacións en positivo. E dicirlles tamén que falaban vostedes das Escorregas. O señor Alcalde en presenza do señor Tenente Alcalde non se comprometeu cos veciños de Barbadás a facer esa ponte. A demanda dos veciños de Barbadás e das veciñas, foi prolongar as beirarrúas, prolongar as beirarrúas ata a Valenzá. E a iso si que se comprometeu o señor Alcalde e o señor Tenente Alcalde con eses veciños e veciñas, ademais a facelo co remanente e en diversas fases. Así, non a facer a ponte que vostedes pretendían facer con 400.000 euros. Voullo matizando para que non fagan demagoxia con eses asuntos. Votos a favor da moción? Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “Moción do Grupo Mixto sobre a reparación urxente de viais: 1- Instar ao grupo de goberno a intervir en todas aquelas rúas e viais que presentan as deficiencias indicadas nesta moción sen máis dilacións.”

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois dación de contas, teñen vostedes a documentación. Si, si, falta, moción do Grupo Mixto sobre

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Falta unha moción.

Non, espesos están vostedes que din cousas que non se cinguen nada á realidade.

8. **MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE O ALUGUEIRO DE VIVENDAS**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto sobre o alugueiro de vivendas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Sobre o anterior, o que dixo vostede ao final, que llo teño que dicir. Vostedes entre vostedes non se falan? O goberno?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Como?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Porque, vostede acábame de botar en cara, ou en cara, de dicirme o da actuación de Barxa

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, dígollo a vostedes, os grupos do goberno sábeno perfectamente.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): O da actuación de Barxa que quedou ben, non? Pregúntelle á señora Morenza quen lle dixo o primeiro ano o que había que facer alí, e fíxoo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, prosiga a intervención.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E fíxoo. A única cousa que fixo coas indicacións que fixo este concelleiro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O técnico da materia.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Agora, vostede presume dixo pero que antes desa actuación puxo unha bionda en Barxa que vaia por deus. Eh!, pero ben, aí si, que non era todo o que lle pedira, que había que cortar ás árbores, pero ben. Agora vostede, non lle ía dicir nada diso, pero non me veña dicindo nada diso agora, por iso lle digo que pregúntelle á señora Morenza, que non é por...darlle as grazas, pero que celebro que se fixera unha actuación por unhas indicacións que humildemente lle deu este concelleiro, que representa aquí aos veciños. Con respecto á moción que traemos ao pleno sobre o alugueiro de vivendas. Traemos un tema que está de actualidade no que o goberno deste concello, cremos que ten obriga de actuar, dentro das súas posibilidades, ou instar a outras administracións para que tomen as medidas necesarias para que os prezos de aluguer dos pisos e casas non se dispare de xeito desmesurado. Recoñecemos que o tempo do que dispón o actual goberno, antes da celebración de novas eleccións municipais e sen ter presentado unha proposta de orzamento para o

2019, déixaos con pouca marxe de manobra para tomar iniciativas neste senso. Iso engadido a que nos tres anos que levan xestionando neste concello, non se preocuparon, por tan sequera, estudar a posibilidade de favorecer o alugueiro de vivendas, no noso concello, a prezos por debaixo dos que se ofertan noutras zonas de Ourense. Somos un concello residencial, a carón da capital da provincia, cun núcleo urbano, A Valenzá, fortemente consolidado e de poboación xoven, que corre o risco de estancar o crecemento en favor doutras zonas da nosa comarca. Tamén somos un concello residencial no rural, cunhas parroquias numerosas e consolidadas. É dicir, que medran ao contrario do que sucede no resto da provincia. Sen embargo, os núcleos antigos das nosas aldeas, seguen a estar sen rehabilitar nunha porcentaxe alta, das súas casas. O noso orzamento municipal, emana fundamentalmente dos ingresos por ter unha poboación elevada que paga impostos. É responsabilidade do goberno que estea ao fronte de Barbadás, de traballar en iniciativas para que na Valenzá, estean ocupadas por persoas, todas aquelas vivendas baleiras e nos núcleos rurais se rehabiliten o maior número de casas vellas para poder ser habitadas por novos veciños ou veciñas. É responsabilidade tamén do goberno, manter os servizos básicos en condicións óptimas para a cidadanía que paga os impostos e non crear novos servizos inasumibles por nós sos, que lastran o orzamento municipal. Se segue esta deriva, chegaremos a ter un orzamento do cen por cen, destinados a gastos correntes. Seremos incapaces totalmente, de facer calquera tipo de investimento ou afrontar continxencias. O acordo ao que instamos ao grupo de goberno, é a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello, que supoñan unha oferta máis barata nos pisos de aluguer e que incentive a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais. Ben, temos claro que as competencias para baixar prezos de aluguer non son nosas. O espírito da moción, é que este concello traballe e favoreza para que se instalen aquí o maior número de persoas porque creo que son conscientes que na Valenzá aínda, aínda seguen moitos pisos baleiros. Nos núcleos rurais seguen moitas casas sen rehabilitar, nunha porcentaxe alta, e o concello pode tomar medidas, iniciativas, como a rebaixa de impostos, que é outro tipo de campaña para favorecer, campañas ben feitas para favorecer que medre a nosa poboación porque temos vivendas baleiras. Polo tanto, senón, o concello non toma iniciativas ou establece un plan de pequenas medidas ou todo o que estea no seu, nas súas competencias para

favorecer que a xente veña a vivir a Barbadás, corremos o risco de estancarnos e que outras zonas da comarca de Ourense, capitalicen a xente nova que vaia, que compre ou que aluguen vivendas. Ese é o espírito da moción. E nós, xa sabemos que o goberno, porque xa trouxemos unha moción cando fora da rehabilitación das casas, que se podían tomar a iniciativa nese senso. O goberno estivo totalmente en contra e sabemos que vai estar totalmente en contra de calquera tipo de iniciativas neste senso, pero é a nosa obriga presentalo e poñer unha realidade que segue habendo no concello e da que poderán estar de acordo ou non, é así. E na Valenzá segue habendo moitos edificios aínda sen habitar. Moitas vivendas baleiras. E no rural do noso concello tan consolidado e que medra, pero non medran os núcleos dos cascos antigos das aldeas. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Levou cinco minutos vinte e catro segundos. Está ben. Grazas. Dona Fina. Cando lle dea eu a palabra. Cando lle dea a palabra.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): É que xa teño gañas de falar porque a mezcolanza que fai o señor Ramón nunha moción é incrible. A mezcolanza de... Vostede sabe quen é competencia de vivenda? É do concello? O concello pode obrigar aos propietarios a alugar os pisos ou pode telos baleiros. O concello ten competencia en dicirlle a un propietario canto ten que cobrar pola súa vivenda ou non? Esta é unha moción para quedar ben coa xente nova, pero é unha moción que non ten pés nin cabeza. Mire, chámase unha auténtica loucura, esta moción. Auténtica loucura. Mire, vouno informar se vostede ten tanta preocupación polo rural, que si temos unha medida. Unha medida que afecta á poboación de tres pobos no noso concello. Pero claro, son tres pobos que vostede non vai nada. Tres pobos aos que non pisa. Vostede sabe que na Xunta, tanto Loiro, coma Bentraces, coma Sobrado, están exentos de pagar transmisións patrimoniais?. Vostede sabíao? Que significa? Que en Bentraces mesmo, vendes unha casa de cen mil euros, e unha persoa estase aforrando, pois un 4%. Porque aos menores de 36, pagan, tributan a un catro. Decátese. Esa é unha medida que está facendo a Xunta. O concello, non pode facer iso. Entón, infórmese ou pregúnteme, porque iso corresponde tamén ao meu traballo. E eu encantada lle informo. Agora, non veña vostede con acordos ridículos, con tonterías semellantes porque este concello non ten capacidade nin económica, nin económica, nin pode facer isto, aínda que quixera. Non

pode, señor Ramón. Non pode. Conciéncese dunha vez. E estoulle dicindo que hai axudas. Que maior axuda pode haber? E vamos a falar dunha cousa aquí a ver se a señora Chelo, vai a defender. Eu fágome unha pregunta, vostede preguntoulle ao goberno se entre eles falaban, verdade? Pregúntolle que hai que preguntar. E eu fago unha pregunta a vostede, vostede que prepara os plenos para Chelo Vispo? Non o sei porque aquí a señora Chelo, empezou a pegar un golpe na mesa, ven toda eufórica. Debe ser que o nomeamento que vai na seguinte campaña, subíuselle á cabeza. Reláxese un pouco, que non é para tanto. Non é para tanto. A ver a señora Chelo como vai defender a vostede aquí, que vostede fala de baixadas de impostos cando aos membros do Partido Popular, meteron unha moción aquí para a baixada do IBI, certo ou non certo?, e vostede que fixo? Votou en contra, señor Ramón. A vostede só lle importa a baixada de IBI nas familias numerosas. Por certo, cantas familias numerosas hai aquí? A ver, tenme ata os datos de cantas familias numerosas hai? Vostede sabe o que fai, señor Ramón, cando lle convén vota a favor, cando non lle convén, vota en contra. Entón, que maior axuda para os veciños que baixarlle o IBI? Hai non, teñen que ser familias numerosas coma a súa. Déixese de facer política barata e a ver agora a señora Vispo como se molla neste charco e se o vai sacar do charquiño soa ou o vai apoiar, porque vou a ver se o que acabo de dicir é verdade. Prepáranos, non faga o tonto, non me xire a cara así porque mire, a ver

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Ramón, señor Ramón é que ás veces vostede ten algo de pequeniño.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Xa está ben. Xa está ben.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ten algo de pequeniño. Eu non me enfado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Quen se altera é vostede.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Eu non me paso. A min non me ameace vostede que non lle teño medo. Somos libres. Que parece que aquí nesta sala hai dous partidos que a liberdade enténdena pouco. Porque cando queren, tócana. Vamos a ver agora se preparan os plenos xuntos. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Varelas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Como dixo a señora Morenza antes, creo que estou coroada, de momento coroa non traio. pero ben, igual ao mellor venma vostedes. Non o sei. Mire, a min non se me sobe nada á cabeza, señora Fina Varelas. Neste momento non teño que defender ao señor Padrón porque mire, el si que trae mocións. Traeraas ben ou mal, opinaremos, porque para iso estamos neste concello, neste, eu pertenzo á corporación, neste momento. A min non se me subiu nada á cabeza, entende? Voulle dicir, voulle facer unha pregunta ao seu compañeiro e a vostede, trouxo algunha moción a este pleno para defender os intereses dos veciños de Barbadás? Non! Non! Vale? E grítoo. Vale? Pero mire, está insultando, vostede dinos a nós, danos lecciónns de moralidade cando insulta aos seus compañeiros dicindo que son tonterías o que el trae. El pódeo ver dende un punto de vista e defendeuno....non teño que defendelo porque el mesmo se defende só. Vale? Pero mire, neste caso, o señor Padrón, o Partido Popular trae mocións para defender os intereses dos veciños. Vostede moitos dos plenos non trae ningunha. Vale? Vostede, quedou moi clariño que hai xente aquí que aínda non o sabe que vostede meteuse en política para que lle arranxaran o camiño da súa casa. Dóelle

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si? Non me diga, si. Si.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Dóelle, porque eu estou coroada tamén, coma o Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Alcalde, quero falar por alusións

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Alusións, alusións temos todos da súa parte.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vou tocar o timbre, toco o timbre por primeira vez.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estou na miña quenda de palabra. Estou na miña quenda de palabra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non corresponde, non corresponde....Ramón, Ramón. Ramón e Fina, non corresponde, non corresponde intervir nin interromper. Ela está na súa quenda de palabra, ten dereito a opinar. Ten dereito a opinar. Vostede ten dereito na súa quenda de palabra a responderlle coma considere. E conste, dito isto, si que é unha

alusión persoal. Isto si que é unha alusión persoal.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Que tristeza se utilizas iso

O Sr. Alcalde toma a palabra: Esta si que é unha alusión persoal, Señora Chelo, proseguimos

A Sra. Vispo toma a palabra (PP) Estou na miña quenda de palabra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina, por favor, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ao xulgado, pero por que te vou levar ao xulgado?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Fina, deixe que a señora Chelo sega coa súa intervención. Vostede terá a quenda de réplica que lle corresponderá no seu momento, na moción. Aceptadas as desculpas, pero por favor que prosiga á señora Chelo. E quen lle ten que pedir en todo caso desculpas é á señora Chelo, non a min.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Eu pido desculpas a vostede que é o señor Alcalde por interromper.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois grazas por esa deferencia. Pois vamos en dous minutos trinta e catro. Poñerémoslle que vai un minuto, que transcorreu un minuto, que era máis ou menos o que ía. Ten ata seis minutos trinta.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): O único que quería era deixar claro o traballo neste caso de Democracia Orensana. Vai á cola de todos nós. O que fai é chegar, nós prepararemos o pleno por separado porque mire, eu cando queira pódeme chamar e eu cando queira pódoo chamar. Ou sexa, eu creo que de momento aínda nos levamos ben, pero non preparamos os plenos xuntos. Pero o que si quedou demostrado vostede que me dixo se se me subiu o cargo á cabeza. Nin cargo nin nada. Mire, eu neste momento son a cabeza visible dun gran equipo do Partido Popular. A cabeza visible dun equipo. Dun equipo que vostede non ten. Vale? Porque non deixa nin falar á persoa que ten ao lado. Vale? Así de claro.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Porque non quere.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): E a súa compañeira foise, foise dentro desta corporación, desta corporación

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor. Despois.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Isto non é un colexio Santi, non se pide a man.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): E que é isto. Isto é un chiste.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ela está na súa quenda de palabra, agora si que terán quenda de réplica.

O Sr. Ramón toma a palabra (Grupo Mixto): Quenda de palabra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, se vostede incide no asunto tamén, aínda embrollamos máis. Fina, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Acaba de insultar. A ver, por deus.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Chelo, prosiga.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Hai que ter un control, eh! Hai que ter un control.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina. Fina, Chelo, Ramón, está na súa quenda de palabra. Punto e final.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Chelo e Ramón, non! De onde proceden as interrupcións? Por deus.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estou dicindo Chelo para que prosiga. Prosiga Chelo, ou señora Chelo ou dona Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Dáme igual. Coma queira señor Alcalde.

O Sr. González toma a palabra (PP): Hai que repasar, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non me fai falta iso.

O Sr. González toma a palabra (PP): Aí demostra que está facendo

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non me deixan

O Sr. González toma a palabra (PP): Isto é un galiñeiro, un galiñeiro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente, pero o primeiro que non respecta é vostede. Prosiga, Chelo, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): quedou claro, quedou claro quen traballa para os veciños e quen non. Mire, voume referir á moción. Señor Padrón, non é ningunha tontería, vale? O único, vamos a esperar, o grupo Popular a ver que nos di o grupo de goberno sobre esta moción que vostede presenta, para realmente tomar a decisión. A ver, son competencias da Xunta e tamén dicirlle que esquecinme, señora Fina Varelas, vostede dicía que neste momento hai tres pobos no concello que non pagan transmisións, non?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Menores de trinta e seis. Aclárolle por se

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale, eu non interrompo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, despois ten vostede intervención.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Aclárollo, para menores de trinta e seis. Aclároo. Maiores si que pagan.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Eu non interrompo, vale? Sabe a quen hai que darlle as grazas? Ao Partido Popular que está gobernando na Xunta.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Por amor de cristo!

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Grazas, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra a señora concelleira, dona Victoria Morenza Doforno.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas señor Alcalde. Eu vólvolle lembrar ao señor Ramón Padrón que falou antes de asumir competencias impropias, cando se abordou o tema da contratación de tres persoas para o Concello de Barbadás, de tres traballadores ou traballadoras. Vostede sabe ben, e sábeo ben, cando, si, si, falou de as competencias impropias, do tema de turismo, creo lembrar. Ben, foi neste pleno, consta en acta. Dicirlle que a regulación do alugueiro de vivendas é unha competencia estatal que neste caso regúlase mediante a Lei de Arrendamentos Urbanos, Lei 29/94. Isto é unha lei que estipula que a renda é libre, salvo nos casos de vivendas protexidas. Polo tanto o concello non pode establecer unha renda nin máxima, nin mínima, para o alugueiro de vivenda. Dentro do marco xurídico vixente, o concello só pode actuar mediante a Lei Reguladora das Facendas Locais e só en base ao artigo 72.4 que permite fixar un recargo, recargo, de ata o 50% da cota do IBI para inmobles de uso residencial que estean desocupados permanentemente, previa declaración expresa de vivenda desocupada. Non confundir con segunda residencia. E para que unha vivenda poida ser declarada desocupada, ten que estar sen ningún tipo de uso durante máis de dous anos, existindo unha serie de excepcionalidades fixadas polo Tribunal Constitucional coma casos de emigración ou ingreso nun xeriátrico da persoa, etcétera. Este goberno non está pola labor nin vai promover este tipo de medidas, e tampouco é a súa labor intentar buscar, ou intentar promover este tipo de alugueres. Dicirlle tamén que coma xa lle dixen nas comisións informativas, o Concello de Barbadás, sempre trata de informar á veciñanza de posibles axudas que podan existir, pois de reforma de fachadas nos cascos antigos, de reforma de rehabilitación de vivendas. Pero moito máis non pode facer

porque non é unha competencia. É unha competencia impropia coma vostede dixo en varias ocasións durante este pleno. Dicirlle tamén que non hai reserva porque tamén se falara nas comisións informativas de vivendas de promoción pública, ou de vivendas sociais. En Barbadás non hai reserva de solo para vivendas sociais. Existen vivendas de promoción pública, sempre que os promotores, porque esta é unha novidade da nova lexislación vixente, sempre que os promotores privados o soliciten á Xunta, que non é o caso. En Barbadás, en todas as áreas de reparto que se desenrolaron nos últimos anos, ningún promotor solicitou á Xunta, vivendas de promoción pública. Había unha, agora mesmo, hai algunhas áreas, creo lembrar que é a R10 que está pendente de desenrolo de áreas de reparto, pois quizá ao mellor, nalgún momento, algún promotor urbanístico que decida desenrolar nesta área de reparto, pois pode pedir á Xunta, vivendas de promoción pública, non o concello. Na última, unha das últimas áreas de reparto que se está desenrolando que é a da R1, ningún promotor solicitou á Xunta vivendas de promoción pública. E como xa lle dixen en varias ocasións, incluso en sesións plenarias, as axudas á rehabilitacións sempre son publicitadas dende o Concello de Barbadás, así coma outro tipo de axudas. E como xa dixen tamén, dixemos tamén na comisión informativa, aquí en Barbadás existiu un proxecto do anterior goberno do Partido Popular, co pobo abandonado dos Muíños. Habíase falado de rehabilitar estas vivendas para promocionar o alugueiro para xoves. Pero vostedes ben saben, os que teñen esta información porque máis ou menos xa temos falado en varias ocasións dela, este goberno tan pronto chegou ao goberno ao cabo duns meses, xa se reuniu coa Delegada Territorial da Xunta e plantexóuselle a posibilidade de recuperar este proxecto de restauración do antigo pobo dos Muíños para destinalo, pois a vivendas para xoves ou a outro tipo de uso. E na Xunta de Galicia dixéronos que non, que non estaban nesa tesitura de destinar diñeiro a rehabilitar ese tipo de vivendas. Tamén se plantexou a posibilidade, estivémonos informando, de que o concello si estaría disposto a poñer a parte que lle competía nesta posible rehabilitación, que sería a habilitación dun viario na zona que entronca coa Avenida de Celanova, na zona do Cancún. Pero como xa a Xunta nos deu o non por resposta, pois non seguimos insistindo neste tema. Iso é unha competencia, a única posibilidade que existe agora mesmo de vivendas destinadas a xoves. E vólvolle lembrar que as competencias impropias, mellor non as asume este concello. Mellor non,

é que non pode asumilas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou? Grazas. Don Ramón, ten a palabra durante tres minutos. O **Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Ben, eu, non hai ningún punto na moción nin na explicación que diga que nós teñamos que asumir unha competencia que non é nosa. Está máis que explicado na moción, o que pasa é que vostedes vanse polas ramas porque en catro anos non fixeron absolutamente nada e este concello está estancado. E senón miren para aí as vivendas baleiras, os edificios que están sen rematar. Vostedes algo estarán facendo mal. E vostedes teñen que facer e incentivar. Antes disto, un paréntese. Quero pedir desculpas, antes, por cortarlle a súa quenda de palabra. Pero é que eu tamén que estean facendo muecas cada un, ou sexa, cara alguén que está falando, poñéndolle muecas a alguén. Pero ben, pido desculpas porque non era a miña intención interromper a súa quenda de palabra. E o acordo di, vouno ler, instar, a ver se pon aquí que collamos competencias da Xunta de Galicia ou da Comunidade Europea. Instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello, que supoñan unha oferta máis barata nos pisos de aluguer e que incentive a rehabilitación de vivendas dos núcleos rurais. É responsabilidade súa que este concello medre, que se ocupen as vivendas baleiras e vostedes terán que activar de maneira de baixada de impostos na súa competencia ou facer atractivo o concello no que sexa, para que a xente veña a vivir aquí, para que os prezos aquí sexan máis baratos. Por iso a xente veu a vivir aquí, que non veu por outra cousa. E pensen que o alugueiro en Barbadás estase poñendo igual ca noutras zonas de Ourense. Vostedes están perdendo o tren. Estes catro anos foron unha perda do tren por parte de Barbadás como núcleo fundamental da comarca de Ourense. Pero iso non se ve agora. Iso vaise ver dentro de dez anos. E senón acórdense. Acórdense. Mire, señora Varelas, dona Fina, eu creo que, ou creo que falei nestes catro anos ao mellor máis ca vostede e que a señora do Partido Popular, que teño falado con ela. Temos unha relación que falamos tranquilamente e nunca, non me faltou ao respecto coma me faltou vostede aquí. Iso en primeiro lugar llo digo. Creo que eu tampouco lle faltei a ela nin lle faltei a vostede. Nin a ninguén desta corporación, aínda que ás veces interrompín e pido desculpas pero persoalmente a ninguén. Pero ao mellor falou máis vostede con ela. Acórdase? Acórdase cando este concelleiro lle comunicou a nosa decisión de quen ía ser

o noso voto a favor dun goberno para este concello? Sabe que dixo vostede? Que quería vostede? Como vas poñer de alcalde a ese tal, a aquel cal? Que? Que? Entende? Entende? Ben, entón ao mellor, e vostede diga ao seu partido, o seu partido daquelas a quen, a quen votaba para saír alcaldesa deste concello? A quen votaba vostede?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, non interrompa por favor.

Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Un día antes, este responsable comunicoulle a súa decisión como partido

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, rematou o tempo. Fina, non interrompa.

Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, entón, non me veña dicindo que eu estou falando

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, o seu tempo rematou.

Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Que eu estou preparando os plenos coa señora do Partido Popular. Dígame vostede se minto. Dígame vostede se minto

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, rematou o tempo. Fina, está vostede na súa quenda de palabra, para dicir en tres minutos o que considere.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Eu non dou crédito. Mire, señor Ramón Padrón, despois o meu compañeiro quere falar por alusións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, pero ao final.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Vale, ao final. Dicirlle señor Padrón, eu non sei, de verdade. Non sei que película é esta. Vostede que se arma na cabeza? Porque insinuar, se se tal, se cal. Pero que dixen eu deste señor? Se tal, se cal? Vamos a ver señor Padrón, sexa un home e déixese de se tal se cal. A quen ven isto? Vostede, por quen votei eu? Pola señora Chelo? Non. Eu votei por min e ela votou por ela. Entón de que estamos falando? Eu falo de probas, vostede fala de que? Meter cizaña? Pois sígaa metendo, vostede soíño. Señora Chelo, agora vou con vostede. Mire, ao contrario do que vostede pensa, voulle dicir unha cousa. Alégrome moito que sexa número un do PP en Barbadás. Pero, alégrome moito. É todo o contrario do que vostede pensa. Alégrome de que non lle quitaran o sitio porque estivo a un tris de que lle quitaran o sitio. E felicítoa por sabelo manter. E felicítoa por sabelo manter.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Chelo, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): E non estou sendo irónica, estou

dicindo a verdade. Felicítoa por saber manter o número un, que non é fácil. Vale. Por outra banda alégrome moitísimo do que vostede me ataca porque mire, se sinceramente

O Sr. Alcalde toma a palabra: Chelo.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): A ver, se en catro anos, politicamente vostede de min só di un tema dun camiño que é unha vergoña nun Partido Popular, non terlle camiño aos veciños, alégrome, alégrome e alégrome. Sígame atacando por aí que vostede vai moi ben. Grazas. Agora quere falar o meu compañeiro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por alusións cando remate, non Ester? Ou agora. Agora correspóndelle á intervención de..., vamos a ver, rematou a intervención de Fina, correspóndelle ao Partido Popular intervir agora. Estamos na segunda intervención. Si. Si. Non, correspóndelle ao remate da moción. Ao remate da moción. Estamos na segunda quenda de palabra. Correspóndelle polo tanto ao Partido Popular, falar. Ou si. Estamos no segundo. Polo tanto, tócalle a vostedes falar, señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Padrón, vamos a facer unha emenda in voce para poder aprobar a moción, non temos ningún problema. Soamente lea o punto, porque aparte o que dixemos aquí, para que non se meta esa coletilla que todos estamos dicindo se é competencia ou non, instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello, que incentive a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais. Entendeuno? Que supoñan aluguer, o quitamos. Instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello e que incentive a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais. Nós, ou sexa, nós non poñemos, non son competencia nin de aquí nin de alá., senón que instar a este grupo de goberno. Vale?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pode repetir o texto?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si. Instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello, que incentive a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais. Está aquí escrito. Soamente hai que sacar, que supoña unha oferta máis barata nos pisos de aluguer. Xa está.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu inclúo a ver se puidera ser: instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello que incentive a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais e favoreza o alugueiro das mesmas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, si, vale, perfecto. Perfecto. E favoreza

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E favoreza o aluguer.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A rehabilitación, claro, e favoreza o aluguer. E así non entramos no debate de...porque ben o que eu estaba esperando un pouco que o grupo de goberno aclarase cales eran as competencias e non me quedou claro. Síntoo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas dentro do noso concello, incentive a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais e favoreza o alugueiro das mesmas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale. Si. Así. Soamente aclarar un tema. Mire, as confrontacións que temos neste pleno, é por alusións persoais. Eu, vamos a ver, non vou a volver a entrar a alusións persoais de ninguén, pero a señora Morenza, entrou coa miña coroa. Vostede entrou

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Eu feliciteina.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, xa, xa, un segundo. Por alusións. Entón, se non entran ao tema persoal, nós non vamos a entrar, pero mire, non somos de pedra, vale? Non somos de pedra. Agradézolle as felicitacións. Estoulle dicindo que son a cabeza dun grupo. Vale? Nada máis. Vale? E non sei se vostede a información que ten, vale?, que ten, fale co Presidente Feijóo e co Presidente Manuel Baltar e diranlle a vostede, vale?, todo o que vostede debe saber sobre a miña persoa. Vale.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non o necesito. Só a felicito.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, pero é que eu non teño que manter nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, está na súa intervención, ou non.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estou na miña intervención, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vale, perfectamente, perfectamente, porque está contando o tempo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estou na miña intervención. A ver. Estou soamente dicindo que as confrontacións persoais sácanas vostedes. Nós contestamos ao que realmente, que non ten necesidade os veciños de, nós temos que defender aquí as necesidades. As mocións que traemos, que traemos os grupos que traemos aquí para defender. Que lle quede claro, señora Fina Varelas, e vólvollo repetir, que vostede non trouxo ningunha neste momento, como fai en outros moitos plenos. Non vou entrar en

nada máis. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, grazas a vostede. Está na súa quenda de palabra, no último, señora Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Nada volver insistir en que o concello non ten competencias para intervir no mercado inmobiliario. Como moito, o concello podería poñer en marcha un plan de rehabilitación de vivendas no medio rural, por exemplo. Nos cascos antigos. Pero é que non hai dispoñibilidade económica para levar a cabo ese tipo de axudas. Evidentemente, pode poñer en marcha axudas á rehabilitación, que xa o temos falado no goberno. Témolo falado. E que lle damos, 10.000 euros a cada veciño que..., e os 10.000 euros a que veciño, a que pobo llos quitamos para deixar de que si teña que deixar de percibir servizos básicos que si é a obriga deste concello de prestar? Como é a pavimentación de vías públicas, ou a seguridade viaria? Entón o señor Ramón, ao mellor terá que elixir e plantexar a moción doutra forma, evidentemente. Non está plantexada, non está plantexada así para poñer en marcha unha liña de axudas para rehabilitar vivendas. Está plantexada para o mercado inmobiliario e para mellorar o aluguer ou baixar, ou que o concello incentive axudas para baixar o alugueiro das vivendas. E iso non se plantexa así desta maneira. Vamos. Iso é o que entendemos nós. Esa competencia este goberno non a vai a asumir porque é unha competencia impropia. Senón plantéxeo na seguinte moción do seguinte pleno, que seguro que presentará outras dúas mocións, pois a rehabilitación de vivendas, e quizá lle teñamos que responder o mesmo, non hai dispoñibilidade económica para atender iso porque empezaría a entrar un aluvión de solicitudes que o concello non tería dipoñibilidade, que tería que poñer 100 ou 200.000 euros para poder levar a cabo ese plan. E o concello non ten 200.000 euros, porque a concelleira de obras llo roubaron.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten un minuto.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vou ler o acordo a ver se lle queda claro á señora concelleira. Vou ler o acordo a ver se lle queda claro á señora concelleira. Instar ao grupo de goberno a traballar nun plan que active medidas, dentro do noso concello, que incentiven a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais e favorezan o alugueiro. Nós non queremos un plan de rehabilitación. Non. Non queremos dar axudas para rehabilitar vivendas. Medidas como baixadas de impostos, é outro tipo de medidas

que fagan, como apoio para os trámites ante Patrimonio, medidas que axuden á xente, que incentiven ou que se poida, e inversión privada na rehabilitación de vivendas. Ninguén está falando de axudas. Non pedimos ningún plan de rehabilitación, que quede claro. Algo que me quedou aí que teño que contestarlle á señora Varelas. Mire, por sorte ou por desgraza, paseo máis o concello ca vostede, e Loiro tamén porque aínda hai pouco estiven traballando en Loiro, estiven traballando en Sobrado, estiven traballando en Bentraces. Traballo en todos os lados. Creo que coñezo máis as rúas e as casas deste concello. Xa digo, por sorte ou por desgraza, non é menospreciala a vostede

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señor Ramón

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero non me diga iso porque non, ao mellor coñezo máis o seu pobo que vostede mesta. Ao mellor aos veciños non, pero ao pobo si.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Vamos a ver. Non podemos confundir as figuras retóricas e lingüísticas coas alusións persoais. Unha coroa, é unha figura retórica para identificar algo. Non ten nada máis que iso. Non é que haillo que aclarar, señora Chelo. Estou na miña quenda de palabra, non é o seu. As figuras retóricas e lingüísticas non son alusións, non son alusións persoais. Outra cousa si que son alusións persoais como pode ser o dun camiño, por estar na política. Hai diferenza. Ben. Ao señor Ramón quero dicirlle dúas cousas. Primeiro, vostede ten unha bola de cristal? Vostede, porque dixo que hai moitos pisos baleiros neste concello. Ten unha bola de cristal ou fixo un censo, copieicho, copieiche os textos, tés dereitos de autor ou de autora, ten unha bola de cristal para saber cantas vivendas baleiras hai neste concello? Fixo vostede algún cálculo? Foi a estatística a verificar cantos hai? Porque mire, hai unha lei na economía e eu son economista, que é a lei da oferta e da demanda. Se hai poucos pisos baleiros, entón soben os prezos. Se hai moitos pisos baleiros, baixan os prezos. Polo tanto, se hai moitos baleiros non poden subir os prezos, señor Ramón. Primeira incoherencia. Esa é a lei da oferta e da demanda. Lei básica da economía. Pero non da economía de Barbadás, nin de Galicia, nin de España, nin da Unión Europea. Mundial. Recoñecida mundialmente por todos os economistas. E mire que hai teorías económicas. Por favor, estou falando eu.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estalle dando lecciónns a un concelleiro. Por favor!

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estou facendo un debate político. Señora Chelo, estou facendo un debate político. Vale. Exactamente

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Unha cousa é a teoría pero a práctica é que soben.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, señora Chelo, non interrompa. Estou falando politicamente. Hai unha lei da oferta e da demanda e é así.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non dea lecciónns.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A lei é así. É que vostede a lei da oferta e a demanda igual non a coñece. Igual é iso. Igual é iso. El si. El si, pero vostede igual non. Pero vostede igual non. Entón isto é política. Estou falando politicamente. A lei da oferta e a demanda di iso. Poucas vivendas en aluguer, soben os prezos. Moitas vivendas en aluguer, baixan. Entón hai unha incoherencia e iso é onde quero ir. Que se hai moitas vivendas baleiras, non poden subir os prezos. É así. É así e non hai volta de folla. E segunda cuestión, señor Ramón, que lle quero deixar claro. A outra segunda incoherencia e dígoo con afecto, dígoo con afecto. Vostede fala en todo momento de axudar, pero en todo momento fala tamén de rebaixas de impostos, de rebaixas de IBI, de rebaixas de taxas, de rebaixas de todo, de todo o que supón ingresos para este concello. Pero polo outro lado, fala de bonificacións, exencións, axudas. Isto é unha lei da economía tamén. Hai que cadrar os ingresos e os gastos. Non hai máis a onde ir. Entón, se baixamos os ingresos, non podemos incrementar os gastos. Tamén é outra lóxica "impepinable". Non hai máis onde ir. É así. É así. Non hai moito máis, non hai moito máis que dicir sobre iso. Non hai moito máis que dicir sobre iso. É que a moción, como tal, de axudar a que se aluguen máis vivendas neste concello para que incremente a poboación. Eu sei que a vontade súa, igual que a nosa é a de incrementar a poboación deste concello para que haxa máis ingresos. Seino e compártoa. Pero as formas igual non. As formas igual non. E dicir outra cousa máis, con esta emenda que pretende presentar o Partido Popular e que vostede acepta, o que nos estamos é convertendo todos nós, como concelleiros e concelleiras deste concello e como alcalde eu, en promotores inmobiliarios. En favorecer única e exclusivamente aos promotores inmobiliarios. Así de sinxelo. Cousa que xa se fixo durante moito tenmo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É rehabilitar... promotores. Rehabilitar. A ver. Mire

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, si. Votos a favor da moción?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Perdón, perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, o señor, o señor Santiago quería

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Aparte hai outra cousa, propuxemos unha emenda

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que a aceptou. Está aceptada. Está aceptada señora Chelo. Está aceptada que se leu aquí dúas veces xa. Eu teño unha discrepancia de actuación ou de como actuar sobre o tema. No fondo non pero na actuación si. Tiña vostede a quenda de palabra. Un minuto por alusións persoais. Por alusións é agora, que eu saiba.

O Sr. González toma a palabra (DO): Podo?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si, si, o Alcalde estache dicindo que si.

O Sr. González toma a palabra (DO): Eu, ata agora creo que falo

O Sr. Alcalde toma a palabra Non tapes.

O Sr. González toma a palabra (DO): Que me dá igual. Ou sexa, dáme igual que estea acendido

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que quedar gravado, Santi.

O Sr. González toma a palabra (DO): Falo cando me dá a gaña. Como me dá a gaña e porque me dá a gaña. Unha. Dúas. Non estou en ningún colexio, levanto a man para facerme visible, Chelo e ti non es a miña profesora. Por favor. E considero que me acabas de faltar ao respecto porque eu non son dos típicos que che faltan ao respecto nin por alusións nin nada. Normalmente solo ser bastante educado, vale? Dentro e fóra. E creo que merezo unha mínima desculpa. Nin máis nin menos. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Votamos. Votos a favor? Abstencións? En contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor de PP e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana o seguinte acordo**: "Moción do Grupo Mixto sobre o alugueiro de vivendas."**

O Sr. Alcalde toma a palabra: A parte de mocións, a parte resolutiva está rematada

9- PREZO PÚBLICO DOS TALLERES DE MEMORIA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah! Si, había un punto urxente que se quere incluír que faláramos o outro día na comisión e que non está na orde do día. Trátase dun prezo público para uns talleres de memoria que se celebrarán aquí no concello en colaboración, senón me equivoco, coa Fundación Dorzán. Entón, a documentación estaba xa preparada para incluír no pleno, pero por cuestións de tempo, non foi posible. Entón, se quere o señor Núñez, se quere explicar no máis dese detalle. Ben. Pois votamos a inclusión da urxencia. Si? Votos a favor? Unanimidade. Polo tanto, agora pasa vostede a expoñer a moción. A moción, o prezo público.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Inclusión por urxencia do Prezo público dos talleres de memoria.**

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, boas tardes a todas e a todos. Vou ser moi breve. Non vou ocupar todo o espazo que me corresponde porque é un punto que non ten demasiada cuestión que explicar despois da comisión informativa. Si que quería deixar constancia, ben que efectivamente, o portavoz do Partido Popular na moción da sanidade, que eu, este concelleiro si que cre que menos din e menos don, iso que quede para a nobreza e para a xente que ten este tipo de títulos e aquí nesta sala de plenos, máis respecto e máis educación cos concelleiros á hora, coas concelleiras, á hora de faltarlle ao respecto e de interromper. Eu iso é o que pido porque iso si que me parece o din e o don, o demais é farándula. E agora, vou a falar un pouco do que se considera, do que considero neste prezo público, no prezo público regulador dos talleres de memoria para o Concello de Barbadás para o ano 2019. Dicir que, efectivamente, pois hai unha parroquia como é a de Barbadás onde o taller pasa de 6 a 9 meses e polo tanto o prezo que se propón cobrar aos usuarios e usuarias deste taller, pasa de 25 a 40 euros coma o resto dos talleres do concello. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Repite por favor.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Non, non, a modificación é con respecto ao taller de Bentraces, que pasa de 25 a 40, pasa de 6 a 9 meses. Falei en global do concello de Barbadás porque os talleres impártenos noutras parroquias, pero é nomeadamente a parroquia de Bentraces a que sofre a modificación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É dicir, pasa de 25 a 40 porque pasa de 6 meses a 9

meses, en Bentraces exclusivamente.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Correcto. Efectivamente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Padrón. Dona Fina? O voceiro ou voceira do Partido Popular? Nada? Non, pregunto, el dixo que non.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, que estamos totalmente de acordo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Coma el xesticulou. Pois polo tanto votos a favor? Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Prezo público dos talleres de memoria"**

10-DACIÓN DE CONTAS E RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: pasamos á resolución de contas e dacións da alcaldía. Teñen vostedes a documentación, polo tanto pasamos a rogos e preguntas.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

11- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, rogos inicialmente.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu prego por enésima vez que poñan unha marquesiña ou un toldo na escola de música e que arranxen aquel canlón que está botando auga xusto nos pasos do acceso ao sitio cuberto por debaixo do polideportivo do Filomena Dato. É de sentido común pero nada, pero nada segue sen, cando chega alí chovendo pois móllase todo, hai que entrar para dentro, ao mellor están dentro os nenos e hai unha acumulación de xente. É simplemente poñer un toldo como ten o resto das fiestras do edificio. Xa sei que é da Xunta, pero un toldo, seguramente, se fai as xestións a señora concelleira responsable, pois seguramente o porán. E arranxar o canlón igual porque está caendo a auga, xusto no acceso, pero a auga a caldeiros. Vaian por alí un día que estea chovendo e míreno. E non sei se solucionaron os problemas que había na

escola de música por dentro coa calefacción ou non. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O Partido Popular. Rogos?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Vamos a ver, eu quixera aclarar e pedir responsabilidade a dous concelleiros. Ao concelleiro de parques e xardíns e á concelleira de urbanismo porque a uns os traballadores que vou mencionar pertencen á área de parques e xardíns, están facendo labores en urbanismo. Labores, tarefas de urbanismo. Aínda que foron contratados para parques e xardíns. Vamos a ver. Xa din noutros plenos algún tipo de pinceladas e eu dende logo non teño intención ningunha, eh!, en ir en contra dos traballadores, nin en prexudicalos con actuacións, incluso que poderían ser legais pero que teñades un pouquiño en conta que é o que fan, quen utiliza os vehículos, a que hora utilizan os vehículos, a onde van e para que. Sen ir máis lonxe. Esta mañá fóra do concello, dous traballadores contratados por uns programas específicos, atopábanse ás dez e media da mañá facendo tarefas persoais con uniformidade entrando a oficinas públicas, cos uniformes do Concello de Barbadás e o vehículo aparcado, co logo do Concello de Barbadás. Insisto, teño motivos máis ca suficientes para tomar cartas no asunto e proceder con distintas actuacións. Con iso é con máis. Tanto esas actuacións coma as tarefas que están a realizar e polas que foron contratados. Insisto, non é miña intención ir e prexudicar aos traballadores, pero ata este punto chegamos. Ou tomades cartas no asunto ou teremos que proceder coma debidamente debemos. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Preguntas, entón. Señor Ramón ou don Ramón.?

O Sr. González toma a palabra (PP): Faltaban dous rogos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, eu non terminei tampouco.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Coma non volveron dicir nada. Señora Chelo Vispo. Ou Chelo ou Manuel, non sei.

O Sr. González toma a palabra (PP): Manuel, Manuel. Grazas señor Alcalde. Queríalle facer un rogo ao señor Alcalde para que llo diga vostede ou llo transmita a don Ramón porque cando llo digo eu aínda que lle quero ben, el tómamo sempre a mal. Entón queríalle pedir a vostede que llo transmita, o que é a retranca galega. Cando eu falaba da brigada do sacho, que o fixen con todo respecto, referíame a que este concello

contratou unha brigada completa de once obreiros e despois a partida orzamentaria que levaba era para un sacho ou dous, non lle chegaba para máis. Entón a min sempre me fixo moita gracia porque terían que repartir o sacho entre os once. Pregunteille a don Rafael Sierra Carril a ver onde traía esa brigada porque a tiña descontrolada coma fan, o que lle acaba de dicir o meu compañeiro. Entón por favor, explícalle a don Ramón, para o teña ben.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Permítame un inciso. Señor Ramón, ou don Ramón. Sei que vostede é o suficientemente intelixente coma para darse por decatado polo que di don Manuel, vostede é señor pero el é don Manuel. Entón creo que sobras as palabras e eu non llo teño que transmitir. Vostede xa o escoitou e polo tanto, triángulos amorosos, non. Non. Creo que xa o entendeu vostede perfectamente sen que eu faga de intermediario.

O Sr. González toma a palabra (PP): A segunda pregunta, eu os títulos non é cuestión de, hai que sabelos levar. A segunda cuestión tamén é para don Ramón, e para que vostede lle transmita. Perdón, perdón, para don Xosé Manoel. Cando falábamos disto, lémbrolle que en Madrid, o 24 de xaneiro, noticia da axencia EFE, senón pásolla, varios ministros de sanidade "avogaron hoxe por un pacto de estado para o sistema nacional de saúde, que sexa consensuado por todos os axentes implicados, que se centre nos cidadáns e nos profesionais, e que permita unha xestión sostible de todos os servizos sanitarios". Isto de 24 de xaneiro, desta data. Xa sei que lle costa a vostede moito porque é en castelán pero é irse acostumando. Esta é a cuestión da sanidade, non politizala coma fan vostedes. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É o último.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Temos unha serie de preguntas sobre un programa que moi ben non sabemos

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón, perdón só, un inciso, se rematamos os rogos, tócalle ao señor Ramón, ou don Ramón, ir ás preguntas. Señor Padrón ou don Ramón. Ten algunha pregunta que facer señor Padrón? Non, non, que sega nesa dinámica.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nada. Mire, mire, voulle dicir unha

cousa. O da brigada do sacho, vamos ser serios. Serios, eh! A brigada do sacho, para ser serios, voulle dicir unha cousa. Falo, eu non falo por min, falo en representación. Se esa xente estivera sentada ese día aquí, a cara que lle ían poñer, voulle dicir cal era. Nada máis.

O Sr. González toma a palabra (PP): Eu ando cun sacho e non me dá vergoña ningunha. Moitas veces, aínda tiña que andar máis.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): A forma, a forma. A forma.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Don Manuel, por favor. Preguntas pola parte de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Mire, eu xa non sei se preguntar nin que facer. Porque sinceramente, eu non sei este pleno a que ven? A todos vostedes parécelles lóxico no pleno que estamos. Pregúntelle, pregúntelle

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agora voulle facer un pequeno inciso. Unha aclaración. Vamos a ver, a retórica que están utilizando estes dous señores. Señora Fina, soamente. A retórica que están utilizando estes dous señores que faga de intermediario é tipo retórica. Iso está, non lle falta ao respecto a ninguén nin similares. Eh!

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Mire, señor Alcalde, non, non lle están faltando ao respecto a vostede nin me están faltando a min. Sabe a quen lle están faltando ao respecto, aos veciños. Aos veciños.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero é retórica. Os veciños saberán valorar o que teñen que dicir.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Eles veñen aquí para que traballemos, non para que dígalle, dígalle, dígalle. Eu podo pedir un rogo, que non se fagan máis estas películas. Perdoen. Se queren segan vostedes. Eu levanto e me vou. Eu non admito este xogo político. Non. Non e non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, tócalle a vostede, está na súa quenda de preguntas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vamos a ver. O día, podo señora Fina Varelas?, podo?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a miña venia.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, pregúntolle a ela.

O Sr. Alcalde toma a palabra: pero é que non lle corresponde preguntarlle a ela.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Se me deixa. A ver. O 8 de xaneiro saíu na Voz de Galicia e noutros medios de comunicación, un programa onde o Concello de Barbadás, tiña todo o apoio deste programa, duns nenos que foron a unha residencia, ben, un programa interxeracional. Pioneiro en Barbadás. Gustaríame facer unha serie de preguntas sobre este programa, se alguén me pode contestar porque non teño nin idea. Decatámonos por unha serie de pais de que neste momento, o Concello de Barbadás está apoiando a un grupo de nenos, que de feito hai, esta fin de semana non, o anterior, foron ao Concello de Toén, ao psiquiátrico, a facer unha curta, que ven no mesmo programa. Creo que é a mesma persoa e de feito poñía que grazas ao Concello de Barbadás que era pioneiro. Entón gustaríame saber se está subvencionado? Que medidas se están adoitando por parte do concello con esta persoa? Ben, eu refírome a unha persoa que é a que está, Maira Rey, que é a que está levando este tema neste momento. Podo dicir o nome porque está publicado. Entón por iso o digo. Vale? Gustaríame saber cal é, que pasos está levando, de onde sae isto? Como sae? Cantos nenos hai de Barbadás? De onde saíu? Porque non temos coñecemento ningún pero si nos medios de comunicación. E sinceramente, eu non o vin en ningún lado no concello. Nin na páxina web nin nada. Entón, gustaríame saber, non sei quen o está, refírome a vostede Marga, pero ao mellor non é vostede quen o está levando. Non sei, non teño nin idea. Entón pois se alguén nos pode aclarar este tema. Cantos nenos son? Se hai subvención? Onde están neste momento facendo todas as reunións? Se hai reunións, eh, porque non o sei. De onde provén isto? Porque ben temos unha serie de informacións que se non son correctas, nós pasarémosllas, vale?, porque si queremos contrastar a información que temos doutro lado coa que realmente nos dea o concello. Porque hai algo que non nos cadra e é que Inspección está polo medio e non está correcto neste momento que Inspección dea o visto e prace que sexan centros escolares. Entón, queremos saber en que punto está o Concello de Barbadás se realmente. Digo supostamente, porque non podo contrastar senón teño a información dos dous lados. Entón o que si me preocuparía é que pertencendo á corporación e que se realmente Inspección deu unha orde aos colexios que esteamos metidos en algo que realmente non sexa así. Entón si me gustaría sabelo para ter, trasladar aos pais que nos pediron a información ao Partido Popular, se isto é correcto ou non correcto. Vale? Déixoo aí

porque non teño máis información, soamente o que me dixeron de Inspección.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entendo que debe facer as preguntas por escrito, de forma concreta.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, claro, si, si, pero ben, para que teñan vostedes constancia do que

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): contestar por escrito para darlle a información, vale? Os datos...

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero está dentro do concello? Ou sexa, a miña pregunta é, está subvencionado

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): Unha aula, unha aula .. pero non dentro de ningún centro escolar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero están subvencionados polo concello, agora mesmo?

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): Non, non está subvencionado.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale. Pasaremos as preguntas esta semana para que nos contesten. Claro, é que non temos nin idea. Vale. Moitas grazas.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): É unha colaboración. Non hai unha subvención.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Está por escrito esa colaboración? Vale. Grazas.

O Sr. González toma a palabra (PP): Se me permite, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pensei que remataran.

O Sr. González toma a palabra (PP): Unha soa pregunta moi rápida. Xa lla fixen no seu día ao señor Fírvida e non ma soubo contestar. Entón, vai dirixida a dona Victoria Morenza. A dona Victoria Morenza, vai dirixida. Levaba

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pode proseguir.

O Sr. González toma a palabra (PP): Non, non pasa nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pode proseguir, somos persoas intelixentes.

O Sr. González toma a palabra (PP): Non pasa nada. É normal que aclaren iso. Non pasa nada. Tampouco vamos facer un haraquiri, eu non o considero unha falta de respecto en absoluto. Están aclarando un tema, non pasa nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga.

O Sr. González toma a palabra (PP): Dicía que dona Victoria levaba, coma leva o

señor Fírvida, oito anos na oposición e agora levan catro gobernando. Teñen algún solar para o centro de saúde, ao día de hoxe? Contesten a verdade. Non foron capaces de telo en oito anos de oposición. Non fixeron as labores para o centro de saúde. Non teñen solar. Díxenllo a don Xosé Manoel Fírvida no seu día e dígollo agora a vostede, non o teñen. E onde está o famoso ascensor que ían facer e aquelas medidas de acaer? Só serven vostedes, tanto o BNG coma o PSOE neste concello, para saír na prensa, para intoxicar aos veciños e para tentar enganalos. Pregúntelle agora aos veciños cando estean utilizando o centro de saúde se están, tan, tan lonxe. E ao señor Fírvida, que vive alí. Non debe ser tan desacaído. Pero ben, se teñen un mellor habelo presentado, que tiñan oito anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Mire, don Manuel. A iso voulle contestar eu. Contesto eu. Fixo unha pregunta, contesto. Contesto. Mire, este concelleiro que agora é alcalde, a primeira reunión que tivo co señor Freire, cando foi elixido concelleiro deste concello por primeira vez, falou con el dese asunto. E creo que aquí xa se falou dese tema, algunha vez. Non sei se vostede era concelleiro ou non. Non o lembro. Non vou repetir o que dixen naquel momento e cal foi a resposta do señor Freire. Resérvoma. Vale? Eu ofrecinlle, ofrecinlle outros terreos e díxenllo. Polo tanto, eu, eu persoalmente fun

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): E por que non lle dixo ...

O Sr. González toma a palabra (PP): Porque non os teñen.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu estiven falando co señor Freire naquel momento porque era o alcalde. Vostede non é o alcalde nin cousa que se pareza neste momento, para dicirllo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Se está aí será por algo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente, por algún interese dalgún tipo.

O Sr. González toma a palabra (PP): Todo se andará, señor Alcalde, todo se andará.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dalgún interese dalgún tipo. Queda levantada a sesión. Perdón, o público ten dereito a intervir ao final da sesión. Se hai algún rogo ou pregunta que facer están no seu dereito. Non ao longo da sesión. Algún rogo ou algunha pregunta por parte do público?

A Sra. Carril toma a palabra (PP): Que non está controlando os tempos como debe. ... non se lle corta...fale. Se falan outros

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está moi equivocada. Está moi equivocada. Por se acaso, por se acaso o seu marido, por se acaso o seu marido xa non trae o reloxo para non desvirtuar o que eu digo. Por se acaso, antes traía o reloxo pero como veu que non era certo o que dicía xa non o trae.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 22:26 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O ALCALDE A SECRETARIA XERAL

DOCUMENTO ASINADO DIXITALEMTE Á MARXE